


# Dallares

Revista do CPI Tino Grandío • Guntín - Lugo

Nova época • Ano IX - Nº 9

*Maio, 2009*



# Pallares

Revista do CPI Tino Grandío • Guntín - Lugo

Nova época • Ano IX - Nº 9

## SAÚDO

Ola a todos,

Outro ano máis tedes nas vosas mans esta revista que vos ofrece un panorama global do que estamos a facer no CPI Tino Grandío. Queremos que esta revista poida ser carta de presentación dos nosos traballos diarios e dos intereses tan diversos que temos todos dentro do marco escolar. Quedan nela representados todos os niveis e áreas que se imparten no centro e, como non, tamén no centro irmán de Lousada.

Tamén supoñemos que poderedes apreciar o bo ambiente que intentamos manter día a día á hora de estudar e ensinar que é o noso obxectivo fundamental no centro.

Confiamos que vos guste.

Un saúdo a todos.

## CONSELLO DE REDACCIÓN

Arias Castro, Ana  
Dorado Fernández, Pascuala  
García Crecente, Teresa

## COLABORAN

Alumnado do CPI Tino Grandío  
e de 5º e 6º do CEIP de  
Lousada

Profesorado do CPI Tino  
Grandío e do CEIP de Lousada

Concello de Guntín

Secretaría Xeral de Política  
Lingüística da Xunta de Galicia

## COORDINACIÓN

Arias Castro, Ana  
García Crecente, Teresa

## ÍNDICE

- 01- Mira que che conto
- 03- Chegou a primavera
- 04- Experimentos
- 05- Disfrazámonos polo entroido
- 06- Adiviñas
- 07- Viaxamos no curso pasado
- 09- Teño unha pregunta para ti
- 11- Encrucillado Lousada
- 12- Dez noticias que nos gustaría ler nun xornal
- 13- Ramón Piñeiro
- 15- Curiosidades do raposo
- 17- Aprendemos viaxando
- 19- O monte unha gran riqueza
- 20- Marie Curie
- 21- Pitágoras
- 21- A dieta dun deportista
- 23- A dieta mediterránea
- 24- A Once
- 26- Recomendación literarias
- 27- Un espazo vivo, un espazo...
- 28- Actividades de ciencias sociais
- 29- Experiencia etwinning
- 31- Cartas de famosos
- 33- Félix Rodríguez de la Fuente
- 35- Aventura entre páxinas
- 38- Concurso literario de Nadal
- 41- Certame literario das Letras Galegas
- 47- Haikus
- 49- Noticias
- 52- Taller de greguerías
- 54- A regra d' Hont
- 55- Pasatempos de ciencias sociais
- 56- Cuestionario de historia
- 57- Musical anniversaries
- 58- Le petit Nicolás
- 60- O cambio climático
- 63- Participación en Roboteca
- 66- O ano internacional da astronomía
- 69- Darwin
- 71- Experimentos de 4º ESO

MIRA QUE CHE CONTO

Alumnado de Ed. Infantil

O alumnado de educación infantil quere facernos partícipes dun conto no que nos decatamos de que xa coñecen ben os números. E ti?

MIRA QUE CHE CONTO 


*Damos* **1** *paseo pola beira do río*




*vimos* **2** *bolboretas moi piquetas*



*Queriamos* **3** *mas que foran irmas*



*pero nin tres nin* **4** *que non houbo máis*



5 pedras tiramos e os peixes asustamos





Contando nas gorras  
levamos mais de

6





7

mosquitos voalaban e non  
picaban



8

nenos no barbon venien e van



9

nenos mox veloces  
no tologan daban  
vozes

Em menos que se conta  
acabouse por estavez

10

**CHEGOU A PRIMAVERA**

Alumnado de Ed. Infantil

Que mellor maneira podemos ter os nenos e nenas de infantil para celebrar a primavera ca saír ao patio xogar ao aire libre!



### EXPERIMENTAMOS

Alumnado de 1º e 2º de E. Primaria

Os alumnos e alumnas de primeiro ciclo de primaria puxémonos a facer un experimento e construimos un electroimán. Así é como o fixemos.

1. Utilizamos un cravo de ferro, cable, unha pila de petaca e un clip.
2. Primeiro enrolamos parte do cable no cravo, deixando os dous cabos soltos.
3. Despois conectamos os dous extremos do cable ás pestanas da pila de petaca.
4. Por último, vemos como o cravo atrae ao clip se llo poñemos preto.
5. Hai moitos dispositivos que utilizan electroimáns: guindastres, timbres, motores, automatismos...



### DISFRAZÁMONOS POLO ENTROIDO

Alumnado de 1º e 2º de E. Primaria

As alumnas e os alumnos do primeiro ciclo de Primaria disfrazámonos de ras polo Entroido.

Primeiro tivemos que facer o disfrace e para iso empregamos os seguintes materiais: cartolina, adhesivo, bolsas de plástico, oveiras, grampas, celofán, gomas e témperas.

Así é como fixemos o disfrace:

- 1.- Buscamos un patrón para facer as mans, os pés, a cabeza e a lingua da ra.
- 2.- Marcamos as pezas na cartolina e no adhesivo e recortámolas.
- 3.- Pegamos o adhesivo sobre a cartolina, unimos as dúas pezas da cabeza con grampas e pegamos a lingua.
- 4.- Coas oveiras fixemos os ollos. Pintámoslos de verde, pegámoslos á cabeza con celofán e puxémoslles un círculo branco e outro máis pequeno de cor negra con adhesivo.
- 5.- Recortamos o sitio para os brazos nas bolsas verdes e puxemos as gomas para suxeitar a cabeza, os pés e as mans.




O día 19 de febreiro disfrazámonos. Estabamos moi guapos.



ADIVIÑAS (en galego e castelán)

Alumnado de 3º e 4º de Ed. Primaria

O alumnado de segundo ciclo de Primaria quere que pasemos un bo rato intentando adiviñar qué se esconde detrás de cada adiviña. Intentádeo.



1. Cal é o animal que tras nacer anda a catro patas, no medio da súa vida anda a dúas patas e, no final da vida, anda a tres patas?
2. Cal é o animal acuático que sempre chega o último?
3. Que estrela non dá nunca luz?
4. Que animal vive nunha caseta, come ósos, di "guau" e non é un can?
5. Eu son a minibicicleta que se monta no nariz coas súas cristalinas rodas que te fan ven feliz?
6. Roer é o meu traballo, o queixo é o meu aperitivo e o gato é o meu peor inimigo.

7. Si algunos meses tienen 31 días, otros sólo 30. ¿Cuántos tienen 28?
8. A una amiga mía se le cayó un pendiente dentro de una taza llena de chocolate, pero el pendiente no se mojó, ¿cómo puede ser esto?
9. ¿Qué animal come con el rabo?
10. ¿A cuántas vueltas se acuesta un perro?
11. ¿Por qué los perros esconden los huesos en la tierra?
12. ¿En qué tipo de casas no hay nunca insectos, ni moscas, ni mosquitos...?
13. Imaginemos que nuestra cama está a 3 m del interruptor. ¿Cómo podríamos conseguir apagar la luz y meternos en la cama antes de que la habitación se quede a oscuras?
14. Un mago nos ha metido en una habitación con 4 puertas... detrás de una puerta hay 200 serpientes venenosas, detrás de otra 20 perros rabiosos, en la tercera puerta hay 15 leones muertos de hambre y en la cuarta 10 cocodrilos furiosos del Nilo. ¿Por qué puerta saldríamos?

7. todos  
 8. porque era chocolate en polvo  
 9. porque es de día  
 10. a la última  
 11. porque no tienen bolsillos  
 12. en los iglús  
 13. porque es de día  
 14. por la de los leones

1. o home  
 2. o deffin  
 3. a estrela de mar  
 4. a cadela  
 5. os lenles  
 6. o rato

Respostas ás adiviñas



### VIAXAMOS NO CURSO PASADO

Alumnado de 5º e 6º de E. Primaria

**O pasado curso 2007-2008 realizamos varias excursións en primaria e pasámolo moi ben: percorremos o noso concello xunto co alumnado de Lousada, fomos a Lugo e finalmente a Las Medulas en León. Aquí tedes un resumo destas viaxes para que as recordedes de novo.**

#### Viaxe polo concello

O 9 de maio os alumnos de 5º e 6º de Guntín e Lousada, acompañados polos nosos titores, fixemos unha viaxe coa finalidade de coñecer o noso concello e tamén fomentar a convivencia entre os alumnos de ambos centros.

O autobús recolleunos en Guntín e a continuación foi a Lousada para buscar aos compañeiros. Desde alí fomos ata A Mota, Ferroi e a igrexa de Mosteiro. Logo ata San Román para ver a réplica do miliario romano. Seguidamente á igrexa de Entrambasaugas, a continuación á Ponte Cabalar e finalmente ao Mosteiro de Ferreira.

Neste percorrido foi Miguel Basadre, o noso guía, quen nos deu toda clase de explicacións históricas sobre todos os sitios que visitamos. En todos os lugares do noso concello descubrimos que hai cousas que merecen a pena ser admiradas.

Aínda que a choiva nos acompañou acotío ao longo de toda a mañá, non nos importou mollarnos.

Dende aquí agradecemos ao señor alcalde a financiación da viaxe con xantar incluído.



#### Viaxe a Lugo

O día 23 de maio todos os alumnos de primaria fomos a Lugo.

En primeiro lugar visitamos a exposición "OBXECTIVO VOAR" onde vimos e aprendemos un montón de cousas relacionadas co voo.

A continuación, no auditorio Gustavo Freire presenciamos un fermoso espectáculo de danza representado polos alumnos de "Conservatorio Profesional de Música e Danza"; coas representacións de Mary

Poppins, A Bela Durminte, A Princesa e as 12 bailarinas e outros.

Gozamos moito porque todo era excepcional: presentación, bailes, vestiario... Foi unha marabilla.

Ás dúas regresamos ao colexio para xantar moi satisfeitos pola viaxe e contentos porque para a semana seguinte iríamos aos Ancares; pero por culpa de mal tempo esta non puido facerse.

### Viaxe a Las Médulas

Despois de dous aprazamentos por mor da choiva, cando xa case pensabamos quedar tamén sen esta viaxe, por fin, o día 19 de xuño si que fomos a Las Médulas. E mereceu a pena esperar, pois o tempo foi ideal.

Unha vez que chegamos ao lugar, primeiramente vimos unha película informativa do que foi esta explotación mineira en tempos dos romanos,

Despois fixemos un percorrido exterior, cunha guía, case dúas horas por un contorno marabilloso no que destacaríamos os castiñeiros centenarios, que chaman a atención, e a singularidade dos restos das montañas, coas espectaculares formas e o colorido acre que as compón; así como as covas *Encantada* e a *Cuevona*.

Rematada a visita comemos ao lado do lago Carrecedo nun merendeiro moi apropiado.

Ao regreso viñemos coñecer O Cebreiro, a igrexa e pallozas. E puidemos contemplar as espectaculares vistas desde o alto.

Foi un día estupendo, todo bonito, e pasámolo ben.



### TEÑO UNHA PREGUNTA PARA TI

Alumnado de 5º e 6º de E. Primaria

Co motivo da próxima xubilación de Chefa, o alumnado de 5º e 6º temos curiosidade e realizámoslle a seguinte entrevista.



**Cantos anos levas exercendo a profesión de mestra?**

–Levo 39 anos

**Cantos anos levas neste colexio?**

–Vin no curso 2000/01, polo tanto levo 9 anos.

**Por que elixiches esta profesión?**

–Estiven dubidando entre enfermería e maxisterio e ao final decidínme por mestra.

**Repetirías esta profesión?**

– Si.

**Que é o que máis che gusta desta profesión?**

– Dar clase, o contacto co alumnado.

**E o que menos?**

– Os papeis, a burocracia, poñer notas...

**En cantos colexios estiveches antes de Guntín?**

– Estiven en cinco: Sada (A Coruña), Badalona e Cornellá (Barcelona), A Fonsagrada e O Saviñao.

**Como era antes o colexio?**

– Había poucos medios, moito alumnado por clase... cheguei a ter un curso con 53 alumnos/as.





### En que mellorou?

–En que hai moitos máis medios, hai ordenadores, fotocopiadoras e unha ratio menor. Tampouco é bo ter menos de 12 alumnos por clase.

### En que empeorou?

– O alumnado está máis disperso, ten de todo e non o valora; tamén lle falta interese e esforzo persoal.

### Que materias che gustan máis?

– A xeografía e a historia.

### Recordas algún alumno ou alumna en especial?

– Sempre che queda algún recordo positivo ou tamén negativo nalgún caso.

### Tiveches algún problema cos pais?

– Non.

### Como te sentías cando corrías?

– Unhas veces contenta polos avances e resultados, pero outras enfadábame moito e vós ben o sabedes.

### Que é o que máis pena che dá ao deixar a escola?

– O alumnado, dar clase, o contacto cos compañeiros.

### E o que máis alegría?

– O traballo que fixen na miña vida e poder colaborar para que o alumnado ao que lle dei clase sexan boas persoas e cidadáns e unha base para seguir superándose.

### A que pensas dedicar o tempo libre agora?

– A coidar da familia, estudar inglés e viaxar.

### Que nos recomendas se queremos seguir a túa profesión?

– Que adiante, a estudar e armarse de paciencia.

### Que experiencias gratas vividas co alumnado recordas?

– Aquelas excursións en que os alumnos viron o mar por primeira vez, viron unha gran cidade, viaxaron en avión, montaron no metro, navegaron nun barco...

### Por que todo o alumnado che ten medo antes de que sexas a súa profesora e logo cambian de parecer?

– Será porque non paso por alto que na miña presenza fagan algo incorrecto, independentemente de que sexa o meu alumno ou non. Tamén o boca a boca dos alumnos que transmiten esa idea. Eu creo que non son tan mala; iso só é unha "lenda negra".

### Por que te xubilas?

– Porque estou cansa despois de tantos anos traballando e ademais porque neste momento podo xubilarme.

Grazas por contestarnos, por todo o que nos ensinaches, por ser boa profesora, por todo... Sentimos que te vaias e desexámosche que goces da xubilación moitos anos.

ENCRUCILLADO DESDE O CEIP LOUSADA

Alumnado de 5º e 6º de Lousada

				22			1							
	21		3											
					4									
						5								
19						6								
					7								20	
				8										
		2												
18						9								
					10									
				11										
						12								
17											13			
		14				15								
			16											

1. Porto que serve de vía de comunicación entre a Meseta sur e Andalucía.
2. Porto que comunica a Submeseta norte e Madrid.
3. Río español que desaparece e volve a aparecer uns quilómetros máis adiante.
4. Pico máis alto de España.
5. Afluente do Ebro
6. Cabo de Asturias.
7. Río asturiano moi famoso porque se celebra nel un famoso descenso en canoa.
8. Pico do Sistema Central.
9. Pico dos Pirineos.
10. Río que forma a ría de Bilbao.
11. Río que pasa por Zaragoza.

12. Comunidade autónoma famosa polo seu viño.
13. Río que pasa por Toledo.
14. Río catalán.
15. Río que pasa por Murcia.
16. Cabo que marca o límite entre o océano Atlántico e o mar Mediterráneo.
17. Río que pasa por Valencia.
18. Afluente do Douro.
19. Golfo de Girona.
20. Pico da Serra Nevada.
21. Afluente do Texo que pasa por Madrid.
22. Serra que ten o mesmo nome ca un cabo español

## DEZ NOTICIAS QUE NOS GUSTARÍA LER NUN XORNAL

Alumnado de 5º e 6º EP de Lousada

Científicos españois levan varios anos probando un fármaco que cura ao cento por cento todos os tipos de cancro.

Jennifer

Desaparece da atmosfera o chamado “efecto invernadoiro”.

Yaiza

Descobren un novo tipo de enerxía que non contamina. O PETROBIOL pódese aplicar en todos os campos

Sonia

Hai máis dun ano que non chegou ningunha patera con inmigrantes a ningún porto de Europa.

Diego

A ONU emitiu un informe segundo o cal, en todas as partes do mundo respéctanse os dereitos humanos.

Noelia

Pechan as fábricas de armas en todo o mundo por falta de pedidos.

Juan

Os gobernos da UE comunican que o nivel de emprego é total. As oficinas do paro pecharon por falta de actividade.

Raúl

Combátense as pragas con pesticidas biolóxicos e con animais.

Brais

Todos os grupos terroristas do mundo chegaron a un acordo cos seus gobernos para facer as súas reivindicacións por medio do diálogo.

Iván

## RAMÓN PIÑEIRO

María Fernández Vila, Nerea López Ares e Sheila Rodríguez Varela de 3º ESO

**O conxunto da Real Academia Galega decidiu dedicarlle o próximo día das Letras Galegas 2009 ao escritor galego, ensaísta e tradutor Ramón Piñeiro López. E esta academia destacou a dedicación *total e desinteresada* da súa vida en defensa de Galicia e a súa cultura, polo que debe ser *unha referencia moral indiscutíbel e necesaria para as novas xeracións*.**




### Biografía

Ramón Piñeiro foi un escritor español nacido na provincia de Lugo en 1915. En 1932, mentres estuda o bacharelato superior en Lugo, ingresa nas mocidades do Partido Galeguista, onde pronto destaca a pesar da súa timidez. Coñeceu entón a Ramón Otero Pedrayo (1888-1976), e chegou

a ser elixido secretario do comité provincial para o plebiscito do Estatuto de Autonomía de Galicia en 1936. Loitou na guerra civil no bando nacional e, ao terminar a guerra realizou estudos de Filosofía e Letras na Universidade de Santiago. Desde 1943 participou na reorganización clandestina do Partido Galeguista: detido en 1946 permaneceu tres anos en prisión. Ao saír do cárcere establécese en Santiago, defendendo a loita cultural fronte á política, en pleno enfrontamento entre os galeguistas do exilio, radicados sobre todo en Arxentina, antifranquistas e republicanos, e os galeguistas "del interior". Interviu activamente na auto-disolución do Partido Galeguista e en 1950 foi o adaiñ do grupo que fundou a editorial Galaxia, que en pleno franquismo comezou a publicar libros en galego e sobre asuntos relacionados con Galicia.

En 1966 trasládase a Estados Unidos, como profesor convidado da Universidade de Middlebury. O 25 de novembro de 1967 ingresa na Real Academia Galega, co discurso "A linguaxe e as linguas", que foi respondido por Domingo García-Sabell, membro tamén da "xeración Galaxia".

Durante o tardofranquismo determinados ideólogos de certo galeguismo asociado a utópicas revolucións socialistas, pero que, a pesar de facer a súa apoloxía literaria, apenas chegaron a practicar o terrorismo efectivo, foron especialmente crueis con Ramón Piñeiro e co grupo conservador representado por Galaxia. En 1985 recibe a medalla de Castelao. O 27 de agosto de 1990 falece en Santiago de Compostela, a consecuencia dunha insuficiencia hepática.



### Bibliografía

#### Libros:



- *A saudade en Rosalía; sete ensaios sobre Rosalía*, Vigo, Galaxia, 1952.
- *Olladas no futuro*, Galaxia, Vigo, 1974.
- *Lembrando a Castelao*, Santiago de Compostela, 1975.
- *Filosofía da saudade*, Galaxia, Vigo, 1984.

#### Prólogos:

- “Carta a Novoneyra”, en Novoneyra, U.: *Os eidos*, Galaxia, Vigo, 1955.
- “Limiar” a Maside, C.: *50 dibuxos de Carlos Maside*, Galaxia, Vigo, 1959.
- “As andadas literarias de Méndez Ferrín”, en Méndez Ferrín, X.L.: *O crepúsculo e as formigas*, Galaxia, Vigo, 1961.
- “Prólogo” a Pondal, E.: *Queixumes dos pinos*, La Voz de Galicia, A Coruña, 1979.
- “Alfredo Brañas e o galeguismo”, en Brañas, A.: *El Regionalismo: estudio sociológico, histórico y literario*, Centro Cultural Alfredo Brañas, 1982.
- “Lembrando a Luís Pimentel”, en VV.AA.: *Luís Pimentel (1985-1958). Unha fotobiografía*, Xerais, Vigo.

#### Traducións:

- Pokorny, J.: *Cancioneiro da poesía céltica*, Editorial Bibliófilos Gallegos, Santiago de Compostela, 1952.
- Heidegger, M.: *Da esencia da verdade*; Galaxia, Vigo, 1956.



### Centro Ramón Piñeiro

O 11 de febreiro de 1993 o Presidente da Xunta de Galicia, Manuel Fraga Iribarne, asinou o decreto 25/1993 polo que se creaba o Centro de Investigacións Lingüísticas e Literarias Ramón Piñeiro, institución que por decreto 330/1997 pasou a denominarse, o 13 de novembro de 1977, como Centro Ramón Piñeiro para a Investigación en Humanidades. É unha institución dedicada á Investigación e o fomento da lingua e cultura galega, instalado ao sur de Santiago co que se lembra co seu nome ao galeguista Ramón Piñeiro.



## CURIOSIDADES DO RAPOSO

Iago López e Aine Rodríguez Raposo de 1º ESO

O raposo ou raposa tamén se coñece co nome de golpe, perico, zorro ou pillabán. A súa mala fama está moi estendida. Fama de ladrón, de pícaro, pillabán... pero non é para tanto. Mata galiñas, si... pero é un controlador marabilloso de todo tipo de roedores e ao que lle debemos moito respecto.




O raposo é un mamífero da familia dos cánidos, e como todos os da súa familia ten finas ulideiras, boa vista e gran intelixencia.

Come de todo, e come o que pode e lle deixan. Gústalle as galiñas e ovos, os coellos, ratos, toupas, ourizos e todo tipo de paxaros... Calcúlase que pode papar entre 6.000 e 10.000 roedores nun só ano. Dependendo da época, pode comer froitos (uvas, mazás...), insectos, animais mortos, etc. Son moi amigos de gardar en despensas a comida sobrante para recuperala en tempos difíciles; son precavidos.

Hai algunhas anédoctas sobre a forma de cazar. Unha moi curiosa é enzoufarse en terra para simular que está morto, deste xeito os corvos e outras aves carroñeiras vanse acercando ata que o raposo reacciona comendo a máis dunha. Cando non consegue capturar unha presa, por exemplo un sapo ou un ourizo mexa por riba deles.



Vive en todo tipo de terreos. A súa tobeira é moi profunda, sempre escavada en ladeiras orientadas ao sur. Pode ter varias vías de acceso para burlar aos seus perseguidores.



Ten unha soa camada ao ano. A xestación dura 53 días aproximadamente e a camada oscila entre 3 a 7 raposiños. Ten unha grandísima capacidade de regular as súas poboacións en función da cantidade de alimento que haxa á súa disposición. Pode vivir entre 10 e 14 anos.

O maior inimigo dos raposos son os cazadores, os cebos envelenados e outras trampas. O inimigo natural é o lobo.



Pode verse todo o ano. Percorre unha media de 7 quilómetros diarios en busca de alimentos e marcando o seu territorio. Nunha carreira pode alcanzar os 48 km/h.

Na historia normalmente é tratado como intelixente. En fábulas e contos así nolo

demostra tratando de enganar con trucos e mañas, a homes e outros animais, especialmente ao lobo, a pesar de seren máis fortes. En cambio, sapos, gatos ou paxaros poden enganalo a el con trampas parecidas.

O raposo é, en Galicia, protagonista de:

**Ditos.** Dise que, se se escoita ouvear un raposo de noite, sábese que hai desgraza próxima. Se se ve o macho antes do almorzo, dá boa sorte.

**Contos:** "Contan que cando foi o diluvio universal o raposo e a raposa eran os únicos animais que non remataban de fiarse niso de subir á Arca de Noé, inda que Noé parece ser que os invitaba con moita paciencia dicindo "subide que levamos pitas dentro!", o raposo dicíalle: chéirame a can! e non subía. Cando a arca comezou a navegar quedaron o raposo e a raposa nunha rocha cos rabos levantados sen que ninguén explicara ata hoxe en día como fixeron para sobrevivir."

**Refráns:** "Por San Xoan nin raposo nin can."

Nesta secuencia recóllese a súa bioloxía: "En marzo nazo; en abril estou no cubil; en maio saio; en San Xoán xa fufo do can; en Santa Mariña xa collo a galiña; e en agosto xa son bo raposo".

**Cantigas:** "Se viras o que eu vin / na feira de Monterroso / vinte e cinco estudantes (ou xastres xuntos) / a cabalo dun raposo".

**Frases feitas:** "Saltou o raposo do valado!". Expresión utilizada para lle dicir a unha persoa que ela peca do mesmo defecto que está a censurar ou do

que está a falar (Mira quen foi falar!).

Fábulas, historias... unha literatura abundosa onde falar de raposo é sinónimo de astucia e malicia.

## APRENDEMOS VIAXANDO

Aine Rodríguez Raposo de (1º ESO), Victor Luaces e Laura Nuñez (3º ESO)



**Neste artigo imos recordar a viaxe a Santiago de Compostela que realizamos no pasado mes de novembro e na que aprendemos moitas cousas.**

O día 18 de novembro, os rapaces e rapazas da ESO fomos de excursión a Santiago. Despois dunha hora e media de viaxe en autobús, chegamos. En principio dividímonos en grupos, e, mentres os de 3º e 4º ían visitar o Museo de Ciencias, os de 1º e 2º, foron ver unha exposición de cultivos que chegaran a Galicia doutros países.



Máis tarde fomos comer a un centro comercial, a Área Central, alí pasamos unhas dúas horas e logo fomos ao centro ver a catedral e o museo de Galicia Dixital, no que se encontraban un montón de aparatos tecnolóxicos cos que nos divertimos bastante. Por exemplo, había unhas pantallas LCD colgadas por un cable nas que aparecía unha paisaxe que podías ver en 360º graos xirando a pantalla. Tamén vimos unha película en 3D e, a través dun satélite, vimos Galicia en vista aérea e tamén había unha simulación dixital do botafumeiro, na que tirando catro ou cinco persoas dunha corda, podíamos movelo coma se fose na catedral.

Despois de xantar, os de 1º e 2º visitaron o Museo de Ciencias mentres os de 3º e 4º ían ver a exposición de cultivos. No museo había varias salas: a primeira, dedicada aos animais de todo o mundo, desde paxaros ata leóns. Na segunda estaban os animais propios de Galicia, é dicir, lobos, raposos, xabaris... Na última sala había minerais e pedras preciosas moi variadas (zafiros, cuarzo, augamariñas, ouro...).

A iso das sete e media da tarde veu recollernos o autobús e chegamos a Guntín ás oito e media, cansos pero contentos de aprender viaxando.



## O MONTE, UNHA GRAN RIQUEZA. A BIOMASA UN GRAN RECURSO ENERXÉTICO

Daniel Gay Fernández de (2º ESO)

O valor dun monte é incalculable. Proporciona madeira, alimento para o gando, froitos silvestres, cogomelos, diminúe a emisión de dióxido de carbono á atmosfera... Ten así mesmo valores sociais, recreativos, paisaxísticos, culturais... Quen non lembra unha festa nunha carballeira!... Quen non leu ou escenificou algunha obra de bosques ou árbores encantadas!...



O ser humano non é alleo ao bosque e participa activamente no seu coidado e conservación. O monte, ademais de esparcemento e riqueza, xera residuos forestais procedentes da súa limpeza como leña, ramas, restos de madeira aproveitables polo ser humano para producir enerxía (Biomasa enerxética de orixe vexetal). O interese medioambiental da biomasa está en que sempre que se obteña dunha forma renovable e sostible, é dicir, que o consumo non vaia a máis velocidade cá capacidade do monte, a terra, etc. para rexenerarse, é a única fonte de enerxía que aporta un balance de CO<sub>2</sub> favorable, de maneira que a materia orgánica é capaz de reter durante o seu crecemento máis CO<sub>2</sub> do que libera na súa combustión.

Os residuos agroforestais hai que preparalos para a combustión directa en forma de estelas ou "pelets". En Galicia hai poucas máquinas que se dediquen ao empacamentamento dos restos, que consiste en:

1. Cortar a madeira e deixar as pólas nunha fileira.
2. A empacadora cargaas e méteas no

empaquetador, que as ata, corta e empaqueta.

3. Os paquetes sácanse do monte e lévanse á planta onde farán os *pelets*.

Para facer os *pelets* sométense a triturado e secado os paquetes que se quitaron do bosque. Logo, unha máquina prensaos e dálles forma cilíndrica ou cadrada duns 20 ou 35 cm de longo e 0,25 gramos de peso e, por último, embálaos.

É unha enerxía fácil de almacenar e dentro de poucos anos será moi utilizada para producir electricidade e nas cociñas dos fogares xa que: non pesan, non manchan o chan, non é cara e é unha fonte de enerxía renovable.

Pero, canta enerxía proporciona a biomasa? Aproximadamente:

-1 kg de biomasa proporciona 3.500 quilocalorías.

-1 litro de gasolina proporciona 10.000 quilocalorías. 3 kg de biomasa = 1 litro gasolina.

Ti podes facer cálculos e comprobarás como a biomasa é un recurso que pode ter nun futuro próximo gran incidencia social e económica no mundo rural.



## MARIE CURIE

Estrella T. Meilán Sindín de (3º ESO-PDC)

### En clases de física e química estiven traballando sobre a historia dunha gran científica, Marie Curie.

O seu apelido de solteira era Sklodowska. Naceu en Varsovia, o 7 de novembro de 1867 e morreu en Sallanches, o 4 de xullo de 1934. Foi a quinta filla do casamento de Ladislav Sklodowska, un profesor de física e matemático na escola secundaria, e Bronislaw Boguska, que era profesora, pianista e cantante.

A partir dunha idade moi precoz, Marie mostra unha excelente memoria e unha grande capacidade de estudo, apreciaba a lectura, a historia natural e a física. Aínda que a súa infancia xa foi crebada aos 9 anos, cando morreron a súa irmá máis vella, Sophie, e, a continuación, dous anos máis tarde, a súa nai, debido á tuberculose. Non obstante, ningún destes pesados golpes que sufriu afectaron á súa disposición para estudar.

Unha madura alumna cunha excepcional capacidade de concentración, Marie soñaba con facer unha carreira científica, un soño que naquela época era impensable para unha muller, aínda máis no seu país, as universidades estaban prohibidas para as mulleres. Pero, por falta de recursos económicos faise profesora e sacrifícase para axudar á súa irmá Broni, que quere estudar medicina en París. Con todo, cando rematou no instituto, a vontade vocacional de Marie levouna a unirse a unha escola privada onde estudou ciencia.

A precaria situación económica que viviu Marie no seu país, foi debida á represión política que afectaba ao seu pai, e repercutía na obtención dos medios necesarios para dar sostido a súa casa. Isto supúxolle a Marie ter que deixar a casa parental e comezar a traballar de institutriz.

No outono de 1891, Marie cambiou a París para estudar na Sorbona. Ambiciosa, emprendedora, a súa única ilusión era aprender. Nun ático no Quartier Latin, pasou fame e frío. Mentres tanto, a súa determinación permítelle obter unha licenciatura en física e matemática. Ademais, ela podería descubrir a liberdade intelectual e de independencia que tanto anhelaba.

Foi nestes anos de facultade na Sorbona cando un amigo polaco lle presenta a un rapaz tímido e reservado: Pierre Curie. E aquel librepensador, coñecido polo seu traballo en cristalografía e magnetismo, convértese no seu marido o 26 de xullo de 1895. Pierre e Marie celebran a súa unión cunha simplicidade case franciscana, nin festa, nin alianzas, nin vestido branco. O día do casamento a noiva usa un traxe corrente de cor azul e, a continuación, monta nunha bicicleta co seu noivo, para iniciar a lúa de mel polas estradas de Francia. Os Curie tiveron dous fillos, Irène e Eve. A primeira seguiría as pisadas dos seus pais e recibiu o Premio Nobel en Química. A segunda foi unha xornalista e escribiu unha biografía de súa nai.

Un día chuvioso e escuro, en abril de 1906 Pierre morreu atropelado por un coche de cabalos.



## A DIETA DUN DEPORTISTA

Diego Prado de (3º ESO-PDC)

A dieta do deportista debe ser alta en

- **Carbohidratos complexos:** o 55-60% das necesidades da enerxía deben provir de elementos ricos en carbohidratos que se transforman posteriormente na glicosa que é a fonte de enerxía preferida, para que traballen os músculos. Pódense inxerir racións adicionais de carbohidratos uns días antes da competición para saturar o fígado e os músculos de glicóxeno.
- **Líquido:** debe manterse o corpo ben hidratado durante e despois dos adestramentos e das competicións. Debe terse coidado coas bebidas que conteñan cafeína.

A dieta debe ser baixa en:

- **Graxas:** Deben evitarse elementos con altos contidos de graxas. O consumo dunha pequena cantidade de graxa é necesaria para unha boa saúde, especialmente para a absorción das vitaminas. A graxa non é unha boa fonte de enerxía para a masa muscular, polo que e convén consumir alimentos con baixo contido en graxas.

A dieta debe ser moderada en:

- **Proteínas:** Os atletas de resistencia necesitan incrementar a súas racións de proteínas para asegurar unha adecuada recuperación dos músculos tras o exercicio.
- **Fibra:** Os atletas de resistencia necesitan inxerir maior cantidade de alimento. Non é conveniente o consumo de alimentos con alto contido de fibra.

### Exemplo dunha dieta para un deportista:

#### ALMORZO:

- 2 vasos de auga ao levantarse.
- 2 cuncas de cereais con leite desnatado ou dúas rebandas de pan tostado cun ovo.
- 1 peza de froita fresca ou un vaso de zume.

#### MEDIAMAÑA:

- 2 rebandas de pan con marmelada ou mel.
- 2 vasos de auga.

#### XANTAR:

- 90-120 g de carne vermella magra ou polo.
- 180-240 g de peixe asado ou ao vapor.
- 2 o 3 ovos con 30 g de queixo.
- 1 peza de froita fresca ou un iogur e 2 vasos de auga.

#### MERENDA:

- 1 ración de pan integral con mel ou marmelada.

#### CEA:

- Ensalada de vexetais ao gusto.
- 1 peza de froita fresca.
- Café ou té, descafeinado cun pouco de leite desnatado.
- 2 vasos de auga.

#### CONSUMO DE LEITE:

- 500 ml diarios de leite desnatado.



### Recomendacións:

- Repetir o consumo de alimentos ao longo do día e dar tempo a facer as dixestións antes dos adestramentos.
- Beber auga todo o día.
- Evitar excesos de graxas e os aceites.

### ACAFEÍNA:

A cafeína é probablemente a droga dispoñible máis popular de todo o mundo. A cafeína actúa como un estimulante lixeiro no sistema nervioso, aumenta a atención, a alerta da habilidade mental. Tamén ten efectos negativos, como a produción de ansiedade nalgúns persoas, desordes dixestivos, nerviosismo, irritabilidade, insomnio e incapacidade para concentrarse, a cafeína pode alterar negativamente o rendemento dos atletas.

### A AUGA:

En condicións normais necesitamos ao redor de 3 litros de auga diarios para manter o equilibrio hídrico. No caso dun esforzo físico importante as necesidades de auga aumentan, podendo perderse ata máis de dous litros por hora. É aconsellable beber antes, durante e despois do exercicio físico, sobre todo se son deportes de alta precisión.

### O RITMO DAS COMIDAS:

O reparto total enerxético ao longo do día é extremadamente importante para unha boa utilización de todos os nutrientes ingeridos. A igual proporción coma un maior número de comidas corresponde a un rendemento mellor, así, evítanse as fatigas dixestivas. Unha boa distribución da enerxía consistirá en efectuar catro comidas diarias que son: almorzo, xantar, merenda e cea.

O estado nutricional óptimo non se alcanza mediante comidas previas á competición, nin sequera mediante as pautas de alimentación seguidas dos días inmediatamente anteriores á proba. Un bo estado de nutrición é o resultado duns hábitos alimentarios practicados axeitadamente e durante moito tempo con regularidade, non dunha cuestión de poucas comidas.

## A DIETA MEDITERRÁNEA

José Manuel Blanco Santos de 3º ESO-PDC

**Coñécese como dieta mediterránea ao modo de alimentarse baseado nunha idealización dalgúns patróns dietéticos dos países mediterráneos, especialmente España, sur de Francia, Italia, Grecia e Malta.**

As características principais desta alimentación son un alto consumo de produtos vexetais (froitais, verduras, legumes, froitos secos, pan e outros cereais) sendo o trigo o alimento base, o aceite de oliva como graxa principal, un maior consumo de aves e peixe ca de carnes vermellas, e o consumo regular de viño en cantidades moderadas. En xuño de 2007 o Goberno español propuxo a candidatura da dieta mediterránea para a súa inclusión na lista do Patrimonio Cultural Inmaterial da Humanidade da Unesco.

### Beneficios

As propiedades saudables que se lle atribúen baséanse na constatación de que, aínda que nos países mediterráneos se consome máis graxa ca nos EE.UU., a incidencia de enfermidades cardiovasculares é moito menor. As causas de tales propiedades parecen estar no maior consumo de produtos ricos en ácidos graxos monoinsaturados, presentes no aceite de oliva (que reduce o nivel de colesterol en sangue). Tamén se atribúe ao consumo de peixe, en especial peixe azul, rico en ácidos graxos e,



finalmente, ao consumo moderado de viño tinto (polos seus antocianos). O viño tamén está asociado a outro efecto cardioprotector denominado o paradoxo francés.

### Historia

As primeiras referencias científicas a unha dieta mediterránea son do ano 1948, cando Leland G. Allbaugh estudou o modo de vida dos habitantes da illa de Creta e, entre outros aspectos, comparou a súa alimentación coa de Grecia e EE.UU. Pola súa banda, o fisiólogo norteamericano Ancel Keys, que encabezou un estudo sobre as enfermidades coronarias, o colesterol do sangue e o estilo de vida de sete países (Italia, Iugoeslavia, Grecia, Holanda, Finlandia, EE.UU. e Xapón) tras a II Guerra Mundial, contribuíu á súa difusión. Keys e os seus colaboradores apreciaron que a incidencia das enfermidades coronarias era menor nas zonas rurais do sur de Europa e en Xapón. Sospeitaron que había un factor protector no estilo de vida, que etiquetaron como "maneira mediterránea". Describiron este estilo de vida como "moi activo fisicamente (pola escasa mecanización do agro), e cunha inxestión predominante de produtos vexetais e reducida en produtos de orixe animal".

A posterior difusión dos seus resultados

asimilou o concepto de "estilo mediterráneo" co de "dieta mediterránea".

### Crítica

Esta dieta, tal cal se expuxo, nunca foi consumida tradicionalmente en ningún país mediterráneo. Os estudos epidemiolóxicos mostran que o consumo de ovos, por exemplo, situaríase ao redor dos 10 ovos por semana, o consumo de carnes ou peixes é diario, e o consumo de xeados e outros doces era comparable ao de froita como sobremesa, etc. Cando Keys analizou a dieta de Creta nos anos 1950, a comida estaba bastante racionada, e quizais nese tempo a dieta cotiá dos cretenses se parecese máis á que el propuxo. Doutra banda, Keys apoiouse na imaxe de saúde proxectada polos países mediterráneos entre os estadounidenses para formular unha dieta máis racional, pois a dieta norteamericana da súa época abusaba do consumo de certos produtos (carne, ovos e manteiga) e ignoraba outros (vexetais e peixe). Acabou formulando unha dieta na que predominaban os produtos vexetais, complementada con cantidades xustas de carne e peixe, que non é realmente a dieta tradicional de ningún país mediterráneo.


### **ESTAS SON AS SÚAS PRINCIPAIS CARACTERÍSTICAS**

1. Abundancia de alimentos de orixe vexetal: froitas, verduras, pan, pasta, arroz, cereais, legumes e patacas.
2. Consumir alimentos de tempada no seu estado natural, escollendo sempre os máis frescos.
3. Utilizar o aceite de oliva como graxa principal, tanto para fritir como para aderezar.
4. Consumir diariamente unha cantidade moderada de queixo e iogur.
5. Consumir semanalmente unha cantidade moderada de peixe, preferentemente azul, aves e ovos.
6. Consumir froitos secos, mel e olivas con moderación.
7. A carne vermella algunhas veces ao mes.
8. Consumir viño con moderación normalmente durante as comidas e preferentemente tinto.
9. Utilizar as herbas aromáticas como unha alternativa saudable ao sal.
10. Realizar algunha actividade física regular para facer traballar ao corazón e manter en forma as nosas articulacións e o físico.

## A ONCE

Andrea Valín Fontao de (3º ESO)

O Servizo Bibliográfico da ONCE axuda ás persoas cegas para que poidan estudar, gañar a vida, informarse, gozar da cultura, entreterse...



A ONCE transcribe ao braille os libros ou grava en versión sonora. Este Servizo Bibliográfico edita en castelán, catalán, éuscaro e galego. E para todo tipo de materias. Grazas a el, hoxe en España calquera persoa cega ou deficiente visual pode conseguir:

- ▶ Libros de texto, de calquera etapa educativa
- ▶ Literatura de todo tipo, actual e de épocas pasadas
- ▶ Libros sobre temas de interese xeral (cociña, fogar, xogos e deportes, nutrición...)

E non só libros, tamén revistas.


É hai publicacións infantís e xuvenís. Moitas pódense baixar en forma de ficheiro informático, para ser impresas con impresoras braille.

### ◆ SISTEMA BRAILLE: Unha vida mellor para as persoas cegas

A través da ONCE calquera persoa cega ou deficiente visual obtén as axudas que precisa para poder formarse: tecnoloxía, profesores de atención individual...

Grazas a Louis Braille, un señor que hai 150 anos inventou este sistema para que coma el outras persoas puidesen: ler, escribir...

### ◆ SEIS PUNTOS QUE O DIN TODO



Para as dez primeiras letra utilizou só os catro puntos superiores.



Para as dez seguintes repetiu as dez primeiras letras, e engadiulles o punto 3, o último da columna da esquerda.



Como ves, a única diferenza entre o “a” e mais o “k”, o “b” e mais o “l” o “c” e mais o “m”, etc. é que nas segundas aparece o punto 3.

Para as restantes fixo o mesmo: colleu os signos que creara para as letras que van do “k” ao “o” e, neste caso, engadiulles o punto 6, o último da columna da dereita.

U V X Y Z

## ♦ AMÚSICA EN BRAILLE

A notación musical para persoas cegas foi creada polo propio Louis Braille, que era violonchelista e organista. As notas represéntanse cos mesmos signos ca as seguintes letras:

○ DO coma o “d”  
 ○ RE coma o “e”  
 ○ MI coma o “f”  
 ○ FA coma o “g”  
 ○ SOL coma a “h”  
 ○ LA coma o “i”  
 ○ SI coma a “j”

## ♦ ISTO É O QUE PODEN FACER AS PERSOAS CEGAS GRAZAS AO BRAILLE

**TRABALLAR:** o apoio que a ONCE ofrece para que estas persoas con deficiencia visual traballen como: médicos, economistas, avogados,...

**ESTUDAR:** a ONCE encárgase de que estas persoas teñan todo o necesario para o estudo.

**LOCALIZAR UN PRODUTO ALIMENTICIO:** a ONCE encárgase de proporcionarlles etiquetas adhesivas.



**FACER MÚSICA:** o braille permite, facer, compondor e tocar partituras musicais.

**DIFERENCIAR MEDICAMENTOS:** a ONCE é quen marca as pautas de como se deben rotular en braille.

**ESCRIBIRLLE A ALGUÉN**

**ELIXIR A ROUPA ADECUADA**

**UTILIZAR UN ASCENSOR, ORIENTARSE**



**TODO ISTO E MÁIS PROPORCIÓNALLELO A ONCE ÁS PERSOAS CEGAS OU CON DEFICIENCIA VISUAL**

## RECOMENDACIÓNS LITERARIAS

**MEYER Stephenie: Saga *Crepúsculo***

Silvia Saavedra Martínez, Laura López López e Sofía Díaz Varela de 2º ESO



En *Crepúsculo*, Bella namórase de Edward, un vampiro `vexetariano´ (aliméntase de sangue animal). Edward tamén se namora dela pero é unha relación perigosa xa que ela ole mellor cós demais humanos. Por iso, por culpa doutros vampiros pode correr perigo.

En *Luna Nueva*, Edward abandónaa polo medo de matala e ela refúxiase en Jacob.

En *Eclipse*, Bella verase sometida a decidir entre a amizade de Jacob e o amor por Edward.

En *Amanecer*, haberá uns grandes cambios na vida deles.

Gustounos moito polo amor tan estraño, fermoso e cheo de perigo. Nós recomendaríamos que o léseades e despois seguidades coa súa saga que consta de 4 libros (*Crepúsculo*, *Luna Nueva*, *Eclipse* e *Amanecer*) e un non publicado (*Sol de medianoche*).

**RIVERA DE LA CRUZ, Marta: *Otra vida para Cristina***

Alba Rodríguez López de 2º de ESO

Cristina é unha nena que recentemente quedou orfa. Por este motivo, terá que ir vivir coa súa tía a Ribadeo. Terá que mudarse dunha gran cidade a unha pequena vila que apenas coñece. Os cambios, a vida, os amigos e a situación cambian a vida de Cristina totalmente. Tamén aprenderá que non todo é o que parece senón que un pode encontrar un fogar en calquera sitio.

**HINTON, Susan E.: *Rebeldes***

Laura Núñez López de 3º ESO

*Rebeldes* é unha novela na que as pelexas nos suburbios entre bandas rivais están á orde do día e que moitas veces acaban de forma trágica. Creo que a autora, Susan E. Hinton, intenta plasmar neste libro as súas propias vivencias, a realidade e a dureza da vida nos barrios ricos das cidades e a marxinação de moitos rapaces, que quedan marcados para toda a vida por ser dunha banda ou doutra. É unha novela que creo que é non só moi interesante senón que fai que te metas na pel dos personaxes, deixándote intrigado, cando paras de ler, por saber como remata.

Non só existe o libro senón que hai unha película, para a xente á que lle guste máis o cine que a lectura, dirixida por Francis Ford Coppola.

**FRANK, Ana: *Diario***

María Jesús López López 4ºESO

Este é un diario, aínda que tamén se pode considerar como literatura xuvenil. Relata a vida dunha rapaza de 13 anos, durante a segunda guerra mundial.

Ana, a protagonista, conta día a día a súa vida e a da súa familia cando por mor desta guerra estiveron uns anos escondidos nos que se atoparon nuns estados de convivencia aterradores. O diario non acaba ben porque os levan para un campo de concentración onde morren nunha cámara de gas.

Eu animo a ler este libro porque me parece interesante que unha persoa da nosa idade se interese por coñecer como eran as condicións de vida naqueles tempos.

**SIERRA Y FABRA, Jordi: *Donde esté mi corazón***

Lucía Basadre Penas 4º ESO

Este é un libro de literatura xuvenil que trata dunha rapaza duns dezasete anos que coñece a un mozo da súa mesma idade. Ao pouco, comezan unha relación. Pasada unha temporada, a moza decátase de que o seu noivo chegou á cidade coa única finalidade de coñecer á persoa que levaba o corazón da súa antiga moza. Sergio, que así se chamaba o rapaz, contoulle que a súa ex parella, antes de morrer, donara o seu corazón a unha moza da súa mesma idade, e esa moza resultou ser Montse. Sergio, sen que fose a súa intención, acabou namorándose de Montse e ela correspondeuno. Na historia, Montse sempre aparece acompañada da súa mellor amiga, Carolina, que a apoia en todas as súas decisións e dálle consellos.

Considero que é un libro moi entretido, cunha temática variada que fai referencia ao amor e á amizade. Recomendaríallelo a rapaces da nosa idade porque penso que lles gustaría.

## UN ESPAZO VIVO, UN ESPAZO DE TODOS

Equipo da biblioteca

**Este artigo pretende ser un reflexo da nosa biblioteca, do seu funcionamento, de como o noso alumnado e o profesorado fan dela un espazo vivo, cálido e comfortable onde hai lugar para todos e ao que sempre podes acudir en busca de paz, pracer, axuda...**

A nosa biblioteca anda a mellorar dende o ano 2001. Nos primeiros anos estívoase a organizar dende un punto de vista funcional, de informatización e xestión. Realizouse un traballo serio e custoso, en canto a recursos materiais e humanos (merca de mobiliario novo e adaptado, profesorado con horario asignado e específico para a atención á biblioteca...).

Ao principio dedicámonos á formación específica en cursos, grupos de traballo, que facilitaron considerablemente a andadura posterior. Coa convocatoria oficial do “*plan de mellora de bibliotecas escolares*” e nesa, a súa primeira convocatoria, decidímonos a participar e o traballo e formación anteriores deron os seus froitos de xeito que nos admitiron na convocatoria.

No centro temos un espazo amplo, soleado e cálido. Un espazo de por si atractivo que axuda a facer da biblioteca un lugar que invita a estar nel. O espazo resulta moi acolledor. É luminosa, ten espazos diferenciados: zona de lectura informal, un recuncho para os alumnos/as máis cativos, zona de traballo para pequenos grupos e para grandes grupos... Conta cun mobiliario novo e axeitado ás necesidades da biblioteca e dos usuarios. Está aberta en todos os períodos de lecer e o profesorado do equipo da biblioteca ten, no seu horario, un tempo determinado para dedicarlle. Ten máis de oito mil documentos rexistrados no seu fondo e aínda faltan algúns por se rexistrar por atopárense en aulas ou departamentos.

Dende a biblioteca organízanse moitas actividades e outras están relacionadas coa mesma de xeito indirecto como por exemplo o club de lectura e as actividades desenvolvidas dende o mesmo. Tamén se programan encontros con autores, exposicións de libros, concursos de creación, lecturas compartidas, sesións de conta contos... Nas aulas de primaria e dende a biblioteca, formando parte do plan lector, todos os días se le ao chegar do recreo, en silencio, polo menos quince minutos ao día; son lecturas escollidas libremente por cada neno/a para o seu goce. Ás veces algún alumno ou alumna quere deixar constancia das súas lecturas e recoméndanos algúns dos libros que lles gustaría que tamén leramos nós.



## ACTIVIDADES DE CIENCIAS SOCIAIS

Lucía Basadre, Jesús Corredoira, Adrián Sear e María Jesús López de (4º ESO)

Os alumnos da sección bilingüe de 4º da ESO ensinámvos como facer algunhas cousas interesantes e divertidas. Esperamos que vos gusten.

### Como facer un mosaico

Necesitamos:

- Plastilina de diferentes cores.
- Masa de azulexar (pode valer escaiola ou pegamento forte).
- Recipiente plano pequeno.
- Lapis.
- Coitelo.

Modo de facelo:

1. Traballa a plastilina e córtaa en cadrados pequenos.
2. Cubre o fondo do recipiente coa masa de azulexar.
3. Deseña o debuxo na pasta antes de que se seque.
4. Reparte cada cadradiño.



### Como facer un tecido

Necesitamos:

- Un pedazo de cartón (20 x 12 cm) como mínimo.
- Fío de la.
- Unha agulla.

Modo de facelo:

1. Cortar nos lados estreitos en forma de picos.
2. Collendo o nobelo vaise pasando a la de arriba a baixo intercalando por cada dente. Quedando así a la ao longo do cartón.
3. Collemos outro fío de la e facemos un nó xuntando así as dúas las. Coa axuda da agulla imos intercalando a segunda la un fío por debaixo e un por riba ata chegar ao final do cartón.



### Como facer un reloxo de auga

- Necesitamos:
- Dous botes de iogures baleiros.
- Un rotulador permanente.
- Auga.
- Un recipiente pequeno.

Modo de facelo:

1. Primeiro collemos un dos botes e facemos un pequeno buratiño na súa base.
2. Collemos o recipiente para que a auga non nos caia e metemos dentro os botes de iogur.
3. Botamos a auga nun dos botes e imos marcando co rotulador no bote por cada minuto que pase.
4. Despois vólvese encher de auga e imos contando os minutos a partir das marcas que fixeramos anteriormente.



## A EXPERIENCIA DE ETWINNING NA SECCIÓN BILINGÜE

Ana María Arias Castro

**O CPI Tino Grandío está este curso involucrado nun proxecto etwinning, chamado *Knowing Europe*, no que o alumnado de 3º e 4º de ESO está traballando en conxunción con outros catro colexios europeos de Alemaña, Hungría, Lituania e Polonia.**

Desde hai anos o noso centro leva intentando promover a ensinanza de idiomas dunha forma o máis comunicativa posible, razón pola que temos dúas seccións bilingües en funcionamento. En 3º e 4º de ESO dispoñemos dunha hora adicional de clase que dedicamos a promover a expresión oral e escrita do alumnado. Por todo isto buscamos actividades variadas que poidan supoñer un complemento o máis ameno e activo posible, pois non hai que esquecer que mentres nós temos esa sesión o resto do alumnado da ESO non ten clase. Nesta busca de actividades relacionadas coa materia de ciencias sociais pero non estritamente curricular, comunicativas, de contacto con outras culturas do noso contorno e, podendo ser, relacionadas co mundo das novas tecnoloxías, atopamos o sitio web de etwinning ([www.etwinning.net](http://www.etwinning.net)) que nos facilita a consecución de moitos dos nosos obxectivos.

Esta páxina web foi creada desde a Comisión Europea co fin de facilitar a todo o profesorado e alumnado de centros europeos un medio de contacto para poder traballar, estudar e cooperar de forma conxunta dentro de Comenius. Cada centro pode entrar e sumarse a proxectos xa en funcionamento ou ben crear o seu e agardar a que se sumen socios interesados.

Desde o departamento de inglés pensamos que sería máis proveitoso contactar cun colexio alemán co que nos irmandáramos o curso anterior nun breve proxecto que funcionara ben, e polo que incluso nos deron o selo de calidade etwinning, e agardar a que se sumasen novos socios. Así foi, despois dun par de semanas xa tiñamos outros tres socios con aspecto medianamente serio e interesados no noso traballo. As actividades que pretendiamos levar a cabo conxuntamente eran as seguintes: elaborar desde cada país unha serie de presentacións en Power Point sobre diferentes aspectos do propio país para que o alumnado dos outros colexios asociados puidese coñecer mellor os países dos demais participantes no proxecto, comentar as presentacións, fotos e materiais recibidos e, adicionalmente, atopar socios cos que o noso alumnado puidese escribirse por correo tradicional ou email. As presentacións que fomos facendo íranse colgando na páxina web de etwinning, desde alí iríamos vendo o material dos outros países e no blog que nos foi asignado para o proxecto iríamos comentando como progresaba o proxecto.

Así, no primeiro trimestre do curso o alumnado da sección bilingüe en ciencias sociais elaborou catro presentacións en Power Point en inglés con textos, fotos, mapas, etc. Foi o alumnado do noso centro o que escolleu os temas para o primeiro trimestre: o Nadal en España, o noso colexio, Lugo e España. En cada centro escolar escolleron os temas que lles pareceron máis relevantes. Recibimos materiais sobre Hungría, a cidade de Deblin en Polonia, lendas polacas, o colexio alemán e o de Lituania, etc. Antes de enviar o noso material cada grupo tiña que defender




oralmente en inglés e ante a clase a presentación que preparara. Ademais, como agasallo, enviámoslles unhas cartas con folletos e materiais diversos para que tivesen algo máis sobre nós. Tamén recibimos do colexio alemán unha carta con numerosos folletos en alemán e inglés sobre o seu país.



Paralelamente, o alumnado do noso centro quedou emparellado co dos outros centros para iniciar unha relación por correo ou email. Esta é a parte do proxecto que peor funcionou pois aínda que nós fomos escribindo as nosas cartas, a resposta a elas foi desigual desde os diferentes colexios. Algúns contestan puntualmente e outros non. Esta é a vantaxe de ter varios socios, nós non temos que preparar máis materiais pero se algún centro non responde adecuadamente, sempre nos quedan os demais.

No segundo trimestre puxémonos a preparar, tamén distribuídos en catro grupos, unhas novas presentacións. Esta vez sobre lugares interesantes de España, música, deportes e outra sobre famosos. Para que non nos prexudicase na marcha do curso, decidimos que non se terían que entregar ata un mes despois da segunda avaliación. Así habería tempo abondo e contariamos coas vacacións da Semana Santa de marxe. Como xa tiñamos experiencia (a do primeiro trimestre) só dedicabamos unha sesión cada dúas semanas, a outra estaba centrada a actividades comunicativas ben diferentes.

No terceiro trimestre contamos que o noso proxecto Knowing Europe teña xa elaborados todos os materiais para este curso e poidamos facer unha avaliación adecuada do que fomos aprendendo. Posiblemente faremos unha pequena exposición cos materiais recibidos desde cada país, pero todo dependerá de como vaian indo as cousas. Pretendemos non deixar grandes logros para este trimestre pois vén sendo o máis apurado para o alumnado. Se todo vai indo ben poderíamos mesmo optar ao premio de calidade que se lles concede aos proxectos que responderon ás expectativas iniciais.



Se calquera de vós quere acceder a todos estes materiais que temos elaborados, os que fomos recibindo, ou ler no blog como foi todo o proceso, podedes facelo contactando desde a páxina web do colexio (<http://centros.edu.xunta.es/cpitinograndio>) nos enlaces situados dentro do departamento de lingua inglesa. Agardamos que vos guste.






## CARTAS DE FAMOSOS

Departamento de inglés



O alumnado de 3º e 4º da sección bilingüe e PDC realizou na primeira avaliación unha actividade diferente como complemento á práctica de redacción de cartas en inglés que levamos a cabo cada curso.

Durante a primeira avaliación aprendemos cada ano a escribir cartas en inglés utilizando os formulismos e disposición de elementos habituais nesa lingua. Despois de facer diversas prácticas, pasamos a escribir unha carta de verdade. Cada estudante tiña que escoller unha persoa famosa que falase habitualmente en inglés e enviarlle unha misiva. Podíase escoller calquera tipo de *celebrity*: deportistas (moitos dos escollidos foron futbolistas), membros de familias reais, actores e actrices, cantantes, etc. O obxectivo era escribir a carta máis convincente para así recibir resposta e, a ser posible, una foto ou algo que se puidese amosar ao resto de compañeiros da clase. Neste artigo podedes ver as principais respostas que obtivemos. Contestaron ás cartas os seguintes famosos:


- ▶ O futbolista David Beckham a Héctor Lamagrande e a Lidia Fernández, e envioulle a cada un unha foto asinada (a mesma aos dous). A carta recibida por Héctor foi a primeira das que se recibiron.
- ▶ O actor Daniel Radcliffe contestoulle a Nerea Cabanas e tamén lle enviou unha foto asinada.
- ▶ O actor Johnny Depp a Andrea Valín e envioulle unha foto.
- ▶ Angelina Jolie escribiulles a Javier Varela e a Víctor Luaces e envioulle unha foto autografiada a cada un; iso si, levoulle catro meses contestarlles e xa pensamos que non enviaría nada.
- ▶ O actor Orlando Bloom a Nerea López á que lle enviou unha foto.
- ▶ Desde o Arsenal, Sheila Rodríguez recibiu un folleto con información sobre o club e sobre Cesc Fábregas.



- ▶ O piloto de Fórmula 1 Lewis Hamilton a José Manuel Blanco que recibiu unha foto dedicada e asinada persoalmente xunto co seu currículo como piloto.



- ▶ A raíña Isabel II de Inglaterra a Lucía Basadre á que lle enviou un folleto con moita información sobre a súa vida e traballo.
- ▶ O príncipe Carlos de Inglaterra a María Fernández á que tamén lle enviou un folleto sobre el e o seu traballo.



## FÉLIX RODRÍGUEZ DE LA FUENTE (Poza de la Sal, 1928-Alaska, 1980)

Daniel Gay, Rubén López, Iván Rodríguez e Luis Teijeiro de (2º ESO)

***“El hombre es un poema tejido con la niebla del amanecer,  
con el color de las flores, con el canto de los pájaros,  
con el aullido del lobo, o el rugido del león”***




Fue conocido como “el amigo de los animales”, por su labor de divulgación de la naturaleza y la fauna; realizó documentales para radio y televisión, destacando entre ellos la serie El Hombre y la Tierra (emitida entre 1975 y 1980), que lo hizo famoso.

También coordinó la Enciclopedia Salvat de la Fauna (1970), y la Fauna Ibérica y Europea (1975), obras publicadas por fascículos, que llevaron el interés por los animales a todos los rincones de España. Destacó por sus estudios sobre los lobos y en el campo de la cetrería. Su trabajo contribuyó decisivamente a que la sociedad española tomase conciencia ecológica.

### Reconocimientos

Recibió múltiples premios y reconocimientos públicos, tanto durante su vida como tras su muerte; hay muchos monumentos y estatuas levantadas en su honor, y ha dado nombre a distintas instituciones (entre ellas una fundación), parques y centros de enseñanza en toda España

Entre sus premios más importantes destacan: Premio Ondas de Radio y Televisión (1969), Nacional de Televisión (1969, 1970), Premio de Oro al Personaje más admirado (1972), Premio a la Popularidad (1969, 1970, 1971, 1973), Antena de Oro (1975), Medalla al mérito en la caza por la Federación Española de Caza (1978), Gran Cruz de la Orden Civil del Mérito Agrícola entregada



por SM El Rey D. Juan Carlos I, en reconocimiento de los servicios prestados para la conservación de la naturaleza en España (1978)...

A nivel internacional, también recibió el reconocimiento público, con premios como:

Distinción “UNICEF” (1977).


El Gran Premio de París de l'Emission Scientifique de Televisión entregado en 1977 en Francia por Centre National de la Recherche por la "Conducta social del lobo ibérico".

Caballero de la Excelentísima Orden Holandesa del Arca Dorada entregado en 1978 en reconocimiento a su larga dedicación a la conservación de la naturaleza y el medio ambiente.

Tras su muerte, recibió numerosos reconocimientos póstumos, como:

Trofeo Walt Disney entregado en 1981.

En el año 2000, la Academia de las Ciencias y las Artes de Televisión, valora como la Mejor Producción de Televisión de toda la historia de nuestro país la serie documental "El Hombre y la Tierra" dirigida, presentada y guionizada por él.



En 2005, La sociedad Española para la Conservación y Estudio de los Mamíferos reconoce y homenajea la memoria del Dr. Félix Rodríguez de la Fuente.

En 2007, Premio a la Mejor Labor de Divulgación e Información Ambiental; también el Galardón de Bronce del Encuentro de Agentes Forestales.

### Para obtener más información sobre Félix Rodríguez de la Fuente:



Aquí se citan algunas bibliografías y estudios sobre su vida y su obra:

ARAÚJO, J. *Felix Rodríguez de la Fuente, que nos mostró los secretos de la naturaleza*. Ediciones SM, 1991.

ARAÚJO, J. *La Voz de la Naturaleza: biografía de Félix Rodríguez de la Fuente*. Salvat, 1990.

ARAÚJO, J. *El amigo de los animales: biografía de Félix Rodríguez de la Fuente*. Ediciones SM, 1991 [reedición ampliada, en 2005].

MARTÍNEZ DÍAZ, A. *El embajador del reino animal, Félix Rodríguez de la Fuente: síntesis de su personalidad y obra*, 1992.

POU VAZQUEZ, M. *Félix Rodríguez de la Fuente: El hombre y su obra*. Editorial Planeta, 1995.

POU VAZQUEZ, M. *La conciencia planetaria de Félix Rodríguez de la Fuente*. Ed. Rueda, 2008.

RAMOS CUMPLIDO, J. M. *Qué lugar tan hermoso para morir. Crónicas inéditas sobre la vida y la muerte de Félix Rodríguez de la Fuente*. Ed. Raíces, 2001.

VALENTÍN DE LA CRUZ, F. *Conversaciones burgalesas*. Inst. Fernán González, Burgos, 1974.

VELA DE ARMAS. *¿Cómo te hubiera gustado morir, amigo Félix?* Las Ediciones del Tiempo, Difusora Internacional S.A., 1981.

Aquí se enumeran algunas páginas web de interés, con contenidos relacionados:

[//www.felixrodriguezdelafuente.com](http://www.felixrodriguezdelafuente.com) [dirección de la fundación que lleva su nombre]

[//felixrodriguezdelafuente.lacoctelera.net](http://felixrodriguezdelafuente.lacoctelera.net)

[//thales.cica.es/rd/Recursos/rd99/ed99-0507-01/ed99-0507-01.html](http://thales.cica.es/rd/Recursos/rd99/ed99-0507-01/ed99-0507-01.html)

[//www.conciencia\\_animal.cl/paginas/temas/temas.php?d=679](http://www.conciencia_animal.cl/paginas/temas/temas.php?d=679)

[//es.geocities.com/proyctofelix/](http://es.geocities.com/proyctofelix/)

[//www.faunaibérica.org/pdf/Felix-ultimo-gran-heroe.pdf](http://www.faunaibérica.org/pdf/Felix-ultimo-gran-heroe.pdf)

[//www.uhu.es/cine\\_educacion/cineyeducacion/figurasfelix.htm](http://www.uhu.es/cine_educacion/cineyeducacion/figurasfelix.htm)

[//perso.wanadoo.es/miguelpou/](http://perso.wanadoo.es/miguelpou/)

[//Forestman.espacioblog.com/](http://Forestman.espacioblog.com/) [vídeos sobre el lobo ibérico, realizados por él]

## AVENTURA ENTRE PÁXINAS



Este curso académico deu os seus primeiros pasos o Club de Lectura Guntín no CPI Tino Grandío. A intención deste club é facilitar aos seus membros, que comparten o seu interese pola lectura, un espazo onde falar de libros e achegar a cultura a todos os/as rapaces/as. Para difundir a nosa actividade, creouse un oco na rede, o blogue que leva o mesmo nome do club; a dirección para acceder a el é [clublecturaguntin.blogspot.com](http://clublecturaguntin.blogspot.com)

Hai dúas modalidades: a de lectura na casa, na que se establece un libro para ler e logo coméntase en grupo; esta xuntanza, serve sobre todo como pretexto para falar de libros e doutros acontecementos culturais relacionados (pintura, escultura, música, teatro...); o grupo de lectura presencial réunese para ler algún fragmento ou texto seleccionado, que calquera dos seus membros pode achegar, e comentalo entre todos os presentes. As sesións tanto dun grupo coma do outro son abertas, pode asistir calquera, sexa membro ou non do club.

O obxectivo final é dinamizar a cultura e pasar un anaco en boa compañía, empregando como eixo da conversa os libros e todo o que aparece neles. Ademais, promovéronse outras actividades como sesións de lectura en inglés e francés, un taller de escritura, un cine club (sobre o filme *La vida es bella*) e están no forno o mercado de

libros, unha excursión, xogos para o día do libro e o das Letras Galegas, un concurso de imaxe e lema para o club...

Moitos de nós debullamos a nosa infancia entre páxinas cheas de maxia, enchendo o tempo de lecer con personaxes de papel cos que fixemos amizade para sempre. Agora sentámos a falar deles e do que supuxeron nas nosas vidas, reflexionamos sobre o que lemos, facemos valoracións e recomendacións a outros lectores, ao tempo que recibimos tamén novas propostas.

Para amosar dunha maneira máis gráfica a actividade do club, algúns dos seus membros suaron tinta, como pode verse nas seguintes reflexións:

### ***La prisionera*, Eduardo Zúñiga**

En un escenario que a mí, personalmente me evoca un viejo pazo en cualquier lugar de Galicia, sucede ese "amor" tal vez no correspondido entre seres tan antagónicos. Él tan pétreo e inmóvil. Ella, en cambio, tan impersonal, tan etérea, bella y juvenil. Ese amor al que el autor le concede la cualidades inmateriales y transcendentales, como la permanencia en el tiempo, delicadeza, pureza, inocencia...

M. Carmen Varela Abelairas

### ***Rimas y Leyendas*, Gustavo Adolfo Bécquer**

"La noche de difuntos me despertó a no sé qué hora el doble de las campanas". Así comienza "El monte de las ánimas", leyenda de Gustavo Adolfo Bécquer, contruida con los mejores ingredientes del terror y lo extraordinario. Aquel lector que deguste con agrado libros protagonizados por criaturas de ultratumba, en espacios de inquietante oscuridad, aderezados con una pizca de pasión, encontrará en este relato su elección más acertada



Reunidos los dos protagonistas –la hermosa Beatriz y el valiente Alonso- al calor del fuego durante la noche de Todos los Santos, nada parecía presagiar el trágico desenlace que les esperaba. Sólo por satisfacer el capricho de su amada, Alonso se adentra en el mundo de los muertos, para devolverle a su dama una banda perdida en el Monte de las ánimas. Consciente de lo egoísta de su petición y orgullosa por la claudicación del joven, ve partir al caballero con el que sólo volverá a coincidir una vez más en la peor de sus pesadillas. Pero la muerte no está satisfecha y no descansará hasta hacerse, finalmente, con Beatriz, ya demente por los acontecimientos pasados.

Construye Bécquer con esta leyenda un espacio fantasmagórico por el que vagan almas condenadas a una eternidad sin descanso, aniquiladoras de cualquier intruso que no respete su territorio –el Monte de las ánimas- y su noche –la de difuntos. Y el viento soplará para llevar la noticia de su nueva víctima. Por que, aquella noche en que golpeen insistentemente a tu ventana, no abras, ¡¡¡¡TEME!!!!

Silvia Carballido Reboredo

La leyenda toledana de "El Cristo de la Calavera", es una convivencia de amistad, amor y desengaños; reflejando fielmente las costumbres religiosas, políticas y sociales de la época. Lo que más me llamó la atención fue el paralelismo, entre la autoridad humana del rey y la divina de Cristo; aunque, si bien, con distintas finalidades; la primera sería para evitar un escándalo y una posible baja para la contienda, mientras que la segunda es no permitir un duelo entre amigos para favorecer la paz y evitar el crimen.

Otro aspecto que creo que merece la pena destacar, es la lozanía de doña Inés al principio del relato, cuando con su belleza era la admiración de toda la corte, frente a la vergüenza del final, al sentirse descubierta.

Isabel Rodríguez Abelairas"

"La corza blanca" es una de las leyendas que hemos leído y comentado en el club de lectura. Ya la había leído en mi etapa de adolescente con las hormonas "a tope" y, claro, las sensaciones son bien distintas, en aquel entonces las poesías de Bécquer eran las que más atraían mi atención y copiaba en mis carpetas, en mi diario ... poemas tales como:

¡Los suspiros son aire, y van al aire!

¡Las lágrimas son agua, y van al mar!

Dime, mujer: cuando el amor se olvida,

¿sabes tú adonde va?

O este tan conocido:

¿Qué es poesía?, dices mientras clavas  
en mi pupila tu pupila azul.

¡Qué es poesía! ¿Y tú me lo preguntas?

Poesía ... eres tú.

También estaba entre mis favoritos:

Por una mirada, un mundo;

por una sonrisa, un cielo;

por un beso... ¡yo no sé

qué te diera por un beso!

¡Bécquer me trae tantos recuerdos!... a mi padre recitando de memoria y en voz alta:

Volverán las oscuras golondrinas,

en tu balcón sus nidos a colgar...

Y ahora de nuevo aparece silencioso arrastrándome al pasado y haciendo revivir en mi recuerdos, a veces de desgarró emocional y tantas otras de verdadero disfrute en soledad y en compañía de los míos.

Me estoy liando y olvido a la corza blanca que es una de las leyendas donde la magia se hace presente y el amor no correspondido, que hace sufrir a unos para el mal entendido disfrute de otros.

Teresa García Crecente

Na lenda de Bécquer "El Beso", como en moitas das outras lendas escritas polo autor, os elementos románticos espállanse polas súas páxinas: a ambientación histórica (invasión francesa), o espazo ruinoso e mesmo sacrílego (a capela dun convento), a presenza do sobrenatural (unha estatua que semella un espírito), o dominio da noite e da ensoñación, o amor imposible e tolo, que conduce irreversiblemente á ruína de quen se ve dominado por esa paixón, o dramatismo e a traxedia, que pode ulirse dende o principio, coma un perfume feiticeiro... Todo concorda co plan xeral da obra, pero hai tamén ingredientes específicos que convierten esta historia en única, como a recreación do "miles gloriosus" clásico, o fachendoso oficial do exército galo que se mofa dos mortos, convidando ao guerreiro de pedra ao champagne que non dubida en arrebolarlle á cara.

Esta pequena xoia literaria sorprende ao lector polo seu final abrupto, máis que inesperado, que pecha unha estrutura moi lograda na que a tensión vai "in crescendo". Ante o abraio dos seus camaradas, testemuñas mudas da traxedia, o capitán francés, namorado da escultura funeraria de dona Elvira, é detido na súa tentativa de bicala polo gardián pétreo da súa honra, o cabaleiro que a defende da agresión, manifestando a presenza do amor máis aló da morte. Este remate propio das xustas medievais que executaban a xustiza divina, ábrelle ao relato a porta da eternidade literaria.

Na miña opinión, todo lector debería percorrer as breves páxinas desta lenda algunha vez.

Eva Teijeiro

### **Diario, Ana Frank**

Anne Marie Frank é xudía e ten 13 anos, vive cos seus pais e a súa irmá Margot en Holanda. Todo o mal aparece na súa vida co odio de Hitler aos xudeus, polo que a familia Frank ten que protexerse e vivir clandestinamente nun apartamento do edificio onde traballaba o pai, e convivir coa familia Van Daan e o Sr. Dussell. Sobreviven en moi malas condicións hixiénicas e alimenticias (comen mal e case sempre o mesmo). Os rapaces estudan diferentes materias e len para entreterse e completar os seus estudos. Ana tamén encontra un amor, Peter Van Daan, co que sobe a soas ao faiado.

Todo isto exprésao Ana no seu diario, o que lle chama Kitty (nome dunha amiga súa), pero tamén explica os seus pensamentos e comparte o medo e as súas dúbidas.

Para min é un libro moi especial, porque aínda que acaba en traxedia, é moi bonito, é a realidade, á a vida dunha persoa inocente que escribe os seus pensamentos nun papel, aínda que quedan moitos sen explicar.




Alba García

**El niño con el pijama de rayas** é unha novela de 2006 do autor irlandés John Boyne. Vendéronse máis de catro millóns de exemplares por todo o mundo e foi traducido a máis de 30 idiomas. En 2007 e 2008 foi o libro máis vendido do ano en España.

A acción nárrese desde o punto de vista de Bruno, fillo dun oficial nazi que se muda xunto á súa familia a un lugar chamado "Ausviz" (o campo de exterminio de Auschwitz). Bruno faise amigo dun neno xudeu chamado Shmuel que vive ao outro lado dun enreixado onde todos visten cun "píxama de raias".

Non é unha historia alegre, nin ten un final feliz... e, con todo, é precioso a pesar de que te fai sentir moi triste. Creo que hai que saber algo da Segunda Guerra Mundial para poder entendela ben.

Tamén hai unha película feita a partir do libro, pero atoparás moitas diferenzas. A min gustoume moito máis o libro.



Lucas Lombardía García

**La vida es bella** xerou un clásico do cine contemporáneo, unha historia feiticeira na que se conxugan con gran habilidade dúas tramas argumentais superpostas: a relación amorosa entre Guido e Dora, e a difícil situación dos xudeus italianos durante a IIª Guerra Mundial. A elaboración fílmica estrutúrase en dúas partes ben diferenciadas, empregando como eixo central a viaxe no tren.

Trátase dunha película extraordinaria, tanto como reflexo dunha realidade histórica (dende unha perspectiva de ficción chea de lirismo), como pola importancia que se lle concede á comunicación (non hai máis que ver esceas na que a música é quen de transmitir unha mensaxe evocadora e agarimosa entre os dous namorados), e á palabra, á que se lle rende unha homenaxe dobre, xa que posúe unha marcada capacidade máxica (adiviñas, xogos...) na trama e emprégase tamén para recordar obras clásicas da literatura occidental, como *O Quixote*. A banda sonora non desmerece en absoluto neste conxunto, no que se integra con funcionalidade argumental.

Sen dúbida, esta película brilla con luz propia pola perfecta combinación de humor e esencia dramática, que lle imprimen unha inmensa tenrura na expresión da complexidade dos sentimentos humanos, e a sitúan entre a comedia e a traxedia. A delicadeza das imaxes e do argumento, que garda o precepto do decoro clásico, permite que ata os máis pequenos entendan esta historia sen presenciar a barbarie do momento histórico representado.

Na miña opinión, o cerne desta historia é a defensa da fantasía e da ilusión, que son quen de transformar a realidade que nos rodea, por dura que sexa, en algo máxico e maravilloso ante a ollada sorprendida dun neno; a vida, por iso, é bela sempre: pode reinventarse cada día.

Eva Teijeiro

## CONCURSO LITERARIO DE NADAL

No Nadal de 2008 tivemos un certame literario no que participaron moitos compañeiros e do que as composicións premiadas son as que podedes ler a continuación.

### 1º PREMIO DE POESÍA EN GALEGO

*"Quérote, non te quero"*

*Sabes que as palabras  
"quérote"  
"non te quero"  
son as mesmas.*

*Quérote para min,  
non te quero para ningún  
que non sexa eu.*

Ana Seijas Rodríguez de (5º de Ed. Primaria)

### 2º PREMIO DE POESÍA EN GALEGO

*De outono a inverno*

*O outono vaise,  
e con el as castañas.  
Aí vén o inverno,  
cuberto dun manto branco.*

*O feitizo das castañas acábase  
e con el as follas das árbores.  
Aí vén o inverno  
cargado de frío e de neve.*

*O inverno, inverniño  
con neve no camiño.*

*A neve chega  
e o inverno con ela.  
E todos os nenos disfrutan  
xogando con ela.*

Sonia Fagilde Vázquez de (6º de Ed. Primaria)

### 3º PREMIO DE POESÍA EN GALEGO

*A nosa Galicia*

*Galicia xa vai vella  
e moito leva sufrido,  
pero en sei que está contenta  
por valernos de casa e abrigo.*

*A gaita é o seu símbolo  
e o cocido a súa comida,  
os montes a súa casa  
cheos de árbores e alegría.*

*Galicia ten ríos,  
fontes e aldeas,  
prados con flores  
ou con carballeiras.*

*Galicia tamén ten lendas,  
cantigas e refráns,  
que poden ser verdade  
ou os que o contan toleiráns.*

Belén Fernández Rodríguez de (6º de Ed. Primaria)



**1º PREMIO DE POESÍA EN CASTELÁN**

*Mi amor*

*De un cordón  
sale una pulsera,  
de esa pulsera  
sale mi amor.  
De mi amor*

*sale mi ilusión,  
sale mi corazón.  
Y de ese corazón  
sale tu nombre  
Mi amor*

Ana Seijas Rodríguez de (5º de Ed. Primaria)

**1º PREMIO DE POESÍA EN CASTELÁN**

*Mi amor*

*Tu cabello huele a rosa,  
tu risa a mimosa,*

*y tu boca,  
a miel sabrosa.*

David Núñez López de (5º de Ed. Primaria)

**1º PREMIO DE RELATO CURTO EN GALEGO**

*Un soño feito realidade*

*Eu sempre quixen ter un can, pero os da miña casa dicianme que un can necesita moitos coidados: darlle de comer, bañalo, etc. Aínda así, eu quería igual.*

*Un día veu a miña casa un primo que tiña unha cadela que acababa de ter cadeliños, e díxome que ía traer un. A min deume moita alegría.*

*Despois de varios meses, ata pensei que se esquecera de min. Un día que non esperaba que viñera ninguén, chegou meu primo co cadelo. Alegreime tanto! A min encantoume, era precioso!*

*Decidín poñerlle un nome, tiña varios e non me aclaraba e ao final púxenlle "Luky". Eu ensíneille a xogar á pelota, a pillar.*

*Agora que xa ten case un ano é o meu mellor amigo. En canto acabo de facer os deberes vou xogar un pouco con el.*

*E meus país chegaron a querelo case tanto coma min; ata meu avó, que non lle gustan moito os cans, encariñoouse con el.*

Sonia Fagilde Vázquez de (6º de Ed. Primaria)

**2º PREMIO DE RELATO CURTO EN GALEGO**

*A princesa Alicia*

*Había unha vez nun país moi moi afastado, unha princesa chamada Alicia. O malo que tiña é que era moi, pero que moi fea.*

*O soño de Alicia era que un día se faría unha princesa moi fermosa e que moitos príncipes quixeran que ela fose a súa esposa.*

*Un día Alicia lembrou que escoitou un rumor de que cerca de alí había unha fonte máxica, que se te mirabas nela faríase moi guapa.*

*Ao día seguinte pola mañá díxo que quería*

*ir dar un paseo, que quería ir á fonte esa.*

*Cando chegou a ela mirouse a ver se sucedía algo, pero non sucedeu nada.*

*Ao chegar ao seu castelo, encerrouse no seu cuarto e non saíu del en todo o día, só para comer.*

*Ao día seguinte, cando se ergueu, mirouse no espello e viu como era unha princesa fermosísima e alegrouse moito.*

*Baixou a almorzar e a nai preguntoulle:  
-¿Que te fixeches, miña filliña?*

*-Fun á fonte máxica e mira que guapa*

me deixou- respondeulle Alicia.

-Logo era verdade.

-Pois si, si que o era.

Pasados uns días a noticia correra por todo o reino e os príncipes soubérono e todos foran onda a ela, entón por iso Alicia estaba moi esgotada, pero ninguén era do seu agrado.

Cerca de alí vivía un campesiño que sempre pasaba por diante do palacio a ver se vía a princesa.

Un día a princesa encontrouse con el e foi como dín "un flechazo".

Entón o campesiño preguntoulle:

-¿Queres casar comigo?

-Sí, pero tes que lle pedir a man a meu pai- respondeulle Alicia.

-Non hai problema, pero, o que pasa é que non teño roupa presentable para ir onda o teu pai.

-Vale logo, vémonos mañá aquí á mesma hora.

-Vale, ata mañá.

-Adeus.

Á mañá seguinte Alicia deulle a roupa ao seu amado e cando marcharon para o castelo e o campesiño lle preguntou ao rei, díxolle que se a súa filla quería casar con el, que el lle daba permiso.

Casaron e foron moi, pero que moi felices e comeron perdices e a min non me deron porque non quixeron.

Andrea López Fernández de (6º de Ed. Primaria)

### 3º PREMIO DE RELATO CURTO EN GALEGO

## O gatiño perdido

Vou relatar un acontecemento que pasou hai aproximadamente un ano. O dez de decembro do ano pasado na miña casa houbo un problema, o meu gatiño perdeuse.

Era un día chuvioso e non moi frío. Miña irmá e mais eu buscámolo pola aldea e polo monte durante máis de tres horas; pero foi inútil, o gatiño non apareceu e para nós foi

moi dura a súa perda.

Decidimos publicalo por se alguén o tiña, pero non houbo resposta de ninguén.

Pasados varios días eu non deixaba de buscalo e aínda volví polo monte e o que atopei foi un paxariño ferido.

Andrea Rodríguez Buján de (6º de Ed. Primaria)

### PREMIO DE RELATO CURTO EN CASTELÁN

## Las niñas perdidas

Érase una vez una niña llamada Lucía. Vivía con su padre, su madre y sus dos hermanas gemelas. El padre se llamaba Luis, la madre Sara y sus hermanas gemelas Marta y Paloma. A Marta le gustaba mucho escuchar música y a Paloma le gustaba mucho estudiar. Un día Lucía venía del colegio con sus hermanas, y entonces escucharon un ruido extraño. Se asustaron tanto que marcharon corriendo. Dentro de un rato no sabían donde estaban y las gemelas se pusieron a llorar. Lucía intentaba consolarlas y les decía:

-No llorés. Le decía Lucía.

-Nunca volveremos a ver a mamá y a papá. Decían las gemelas muy tristes.

Los padres al ver que tardaban tanto

llamaron a la policía para que las fueran a buscar. La policía fue a buscar a las niñas mientras Luis intentaba consolar a Sara. La policía al no encontrarlas gritaron:

-¿Dónde estáis niñas?. Gritó uno de los policías.

-¡Aquí junto al río!. Gritaban las niñas aterrizadas.

-¡No os mováis de donde estáis!.

-Vale.

Los policías fueron corriendo a junto de las niñas. Al final la policía llevó a las niñas a su casa y Sara dejó de llorar y a partir de aquel día Sara siempre fue a buscar a las niñas al colegio.

Noelia Lodeiro Ríos de (6º de ED. Primaria)

## CERTAME LITERARIO – FOTOGRÁFICO

“ GUNTÍN PARA SOÑAR, PARA VIVIR, PARA LEMBRAR,  
PARA DESCUBRIR,  
PARA QUERER...”

He was born in Halle, Germany (February 23, 1685), in the same year that Johann Sebastian Bach was, but developed his career in England, where he died in 1759. At the age of seven he played the harpsichord and the pipe organ. Haendel's father was opposed to his son's wishes to pursue the musical career, preferring him to study law. Therefore, he started to study law but, when his father died, he changed law for music. Famous works by Haendel are *Water music*, *Messiah* and *Music for the real fireworks*.

We hope this information has been interesting for you and encourage you to listen to some music by the composers above. It is worth doing it!



### FRANZ JOSEPH HAYDN

He was an Austrian composer (March 31, 1732-May 31, 1809). He was one the most prominent composers of the classical period and is called by some "the father of the Symphony" and "the father of the String Quartet". He composed many symphonies, concerts and chamber music. His most famous symphonies are *Surprise*, *Military*, *Drumroll* and *London*.

## LE PETIT NICOLAS

Alumnado de francés de (4º ESO)

Le 29 mars 1959, paraissait dans Sud Ouest Dimanche la première aventure écrite par René Goscinny et dessinée par Jean-Jacques Sempé du Petit Nicolas. Aujourd'hui, Le Petit Nicolas est traduit en une trentaine de langues et fête ses 50 ans avec l'apparition d'un nouveau recueil d'histoires inédites, un dessin animé en préparation et un film.



Le Petit Nicolas est une série humoristique de livres pour enfants écrits par René Goscinny et illustré par Jean-Jacques Sempé, publiés entre 1959 et 1964. Ils décrivent la vie quotidienne d'un petit garçon, Nicolas, qui vit dans un environnement urbain pendant les années 1950.

Le personnage, identifié par un dessin au trait, nous livre ses pensées intimes grâce à un langage d'enfant créé par Goscinny.

Les thèmes sont, bien sûr, ceux de l'enfance (comme la camaraderie, les disputes, les rapports avec la maîtresse d'école, les premières amourettes), mais aussi le monde complexe des adultes: rapports entre voisins, avec son patron, avec une belle-famille, l'éducation, disputes familiales, etc.

### Les personnages

Nicolas: le personnage principal, c'est un garçon sympathique et un peu turbulent

qui fait parfois des colères. C'est lui qui raconte les histoires. Il a entre 8 et 10 ans. On le reconnaît assez facilement sur les dessins de groupe car il est le seul garçon avec des cheveux noirs.



La mère de Nicolas: mère au foyer, elle est souvent à crier contre Nicolas qui ne lui facilite pas la vie, ou même contre son mari qui n'est pas toujours compréhensif.

Le père de Nicolas: il travaille dans un bureau pour son patron M. Moucheboume et se plaint souvent des difficultés de son travail. Lorsqu'il rentre à la maison, il aime lire son journal dans son fauteuil et fumer une pipe. Il est généralement jovial et indulgent envers son fils.

Mémé: la grand-mère maternelle de Nicolas. Elle gâte son petit-fils (cadeaux en tout genre, bonbons, gâteaux...). Nicolas l'aime beaucoup.

Alceste: c'est le meilleur ami de Nicolas, il est très gros car il mange tout le temps. Les dessins le représentent presque toujours en train de mettre quelque chose dans sa bouche.

Clotaire: le dernier de la classe, il est très maladroit mais est considéré comme un très bon copain.

La maîtresse: elle instruit la classe de Nicolas qui lui cause beaucoup de problèmes. Bien qu'elle soit sévère, Nicolas la trouve généralement "chouette".

Le directeur de l'école: il apparaît fréquemment lorsque la classe devient trop intenable.

M. Dubon alias Le Bouillon: un surveillant à l'école qui est très sévère.

Marie-Edwige: la jolie petite voisine de Nicolas et fille des Courteplaque. Blonde et particulièrement chipie, elle est très amie avec Nicolas.

### René Goscinny




Renée Goscinny est né le 14 août 1926 à Paris et mort le 5 novembre 1977 d'un arrêt cardiaque. C'est un écrivain,

humoriste et scénariste de bande dessinée français.

Issu d'une famille d'origine polonaise de confession juive, il est mondialement connu pour les albums d'Astérix et Lucky Luke.

Il est enfin l'un des auteurs français les plus lus au monde: l'ensemble des bandes dessinées et livres qu'il a écrits représente environ 500 millions d'ouvrages vendus.

### Jean-Jacques Sempé



Jean-Jacques Sempé est un illustrateur français né le 17 août 1932 à Bordeaux. Sempé commence sa carrière de dessinateur humoristique dans la grande presse en plaçant difficilement quelques dessins dans Sud-Ouest, Le Rire, Noir et Blanc, Ici Paris... Dès 1957 vient le succès avec des collaborations régulières à Paris-Match, Punch, puis L'Express, Pilote, le New York Times, le New Yorker, etc. Il est aussi l'auteur des livres de la série Le Petit Nicolas avec René Goscinny et également Marcellin Caillou, Raoul Tabourin et Monsieur Lambert.

## CAMBIO CLIMÁTICO

Alumnado de (3º ESO)

### Como afecta á comunidade galega?

Falando cos nosos pais, avós e veciños, chegamos ás seguintes conclusións en canto ao cambio climático e ás súas consecuencias no noso contorno:

- As precipitacións no inverno descenderon, sobre todo as de neve.
- Os veráns teñen máis precipitacións.
- Os peixes dos ríos diminuíron.
- As ras dos estanques practicamente desapareceron.
- As árbores froiteiras descenderon de número (vense afectadas por pragas) e as que hai producen menos froita.
- Produciuse un cambio na migración das aves; ata hai invernos nos que hai cegoñas que non marchan.

Analizando por Internet, atopamos as seguintes conclusións en canto ao cambio climático e as súas consecuencias no noso contorno:

- Debido ás altas temperaturas adiántase a vendima.
- Atraso da matanza do porco. As matanzas prodúcense (ou iso deberían) nos meses de novembro a febreiro cando as temperaturas son máis baixas para que non se estraguen, e teñan todo o seu mellor sabor e punto perfecto todos os alimentos que se obteñen do porco, que se está alimentando todo un ano a base de castañas e comidas caseiras.
- As bolboretas inician o seu vo con seis semanas de antelación e as abellas

polinizan ata 55 días antes.

- As andoriñas aparecen quince días antes que hai trinta anos e a súa migración atrasase dúas semanas.
- Os investigadores recompilaron datos dos últimos trinta anos aportados por cinco estacións fenolóxicas (que fan o seguimento dos cambios nos ciclos vitais das especies) controladas polo Instituto Nacional de Meteoroloxía e distribuídas polo territorio galego. Están localizadas en Salcedo e Guillarei (Pontevedra), Seoane e Loureses (Ourense) e Montádevos (A Coruña). Os rexistros históricos medíronse tanto en cultivos e árbores froiteiras como en insectos e aves e os resultados non deixan lugar a dúbidas. Aínda que nuns casos os datos son máis relevantes ca noutros, os investigadores concluíron que existe unha tendencia xeneralizada ao cambio dos patróns vitais das especies (floración, caída da folla, aparición ou migración, segundo os casos) relacionada co aumento da temperatura na comunidade, que nos últimos 30 anos se elevou en case 1,5 graos.
- Outro tanto ocorre coas bolboretas, que remontan o voo case seis semanas antes do habitual. Na estación de Guillarei este indicador adiantouse en 44 días, e no de Salcedo, en 33. Outro insecto que experimentou unha modificación similar no seu comportamento foi a abella, especie na que é cada vez máis evidente a tendencia a



adiantar a data en que se ve por primeira vez en flor. Na estación de Guillarei iniciaron a polinización 55 días antes que hai 30 anos, mentres que na de Salcedo este proceso comezaron 44 días antes.

- Cambio notable é o que se rexistrou coa uva nas estacións pontevedresas de Salcedo e Guillarei, asociadas coa denominación de orixe Rías Baixas. A planta florea e madurece 18 días antes e a vendima adiantouse unhas dúas semanas nos últimos tres decenios.
- O cambio climático reduce a produción de polbo e ameixa.

En resumo, obsérvase en Galicia un cambio xeneralizado e claro nos ciclos biolóxicos debido ao incremento da temperatura. Esta é unha das conclusións que extraeu o grupo de expertos ao que a Consellería de Medio Ambiente encargou unha análise sobre os efectos do cambio climático en Galicia. Os científicos, procedentes das tres universidades galegas, puxeron en común os seus estudos durante unha xornada celebrada en Santiago.

O impacto do cambio climático sobre os recursos pesqueiros débese, por unha banda, ao aumento da temperatura media da auga que se elevou en 0,27 graos centígrados cada década durante os últimos trinta anos. A outra razón son as alteracións no afloramento que son as masas de auga fría ricas en nutrientes que ascenden desde as profundidades mariñas á superficie. Os científicos utilizan este indicador xa que é o principal responsable da fertilidade das costas galegas. O problema é que para que existan estas correntes necesítanse ventos do nordeste e estes reducíronse nun 30% desde 1970, de maneira que o litoral galego xa non é tan fértil coma antes. Os científicos constataron que hai 75 días menos ao ano con ventos do nordeste e que, pola contra, cada vez predominan máis os ventos do sur. O afloramento serve tamén para renovar Rías. Ao reducirse estas correntes, a auga en Rías Baixas tarda o dobre en reciclarse e isto explica que cada vez sexan máis os días ao ano nos que os polígonos de cultivo de mexillón están pechados. Este molusco sofre tamén os cambios que se están producindo na composición da auga. Descende o seu pH e

aumenta a acidez. O que dificulta a calcificación dalgunhas especies, entre elas o mexillón.

### **Contrastación dos datos de internet con persoas do lugar**

Coincidencia na notoriedade dos cambios.

### **Galicia, zona de risco**

Un informe recente da Axencia Europea de Medio Ambiente sitúa o noroeste peninsular como unha das áreas europeas en que máis plausible serán as consecuencias do quecemento global no planeta. O documento, *Impactos do cambio climático europeo*, sostén que a medio prazo (entre 50 e 70 anos) o sur do continente será o máis prexudicado polo ascenso das temperaturas, o desxeo ártico e a suba do nivel do mar. Haberá secas máis prolongadas e os veráns serán máis longos. A Galicia tocaranlle de cheo todos estes factores, que non incidirán da mesma forma noutros espazos peninsulares. Na costa galega o mar subirá 2,2 mm cada ano (un dos valores máis altos previstos para Europa) e as temperaturas, polo menos 3,6 graos. A esas dúas previsións hai que sumar unha máis: as choivas estivais. A Axencia augura para o noroeste español un descenso pluviométrico do 29% no verán, un valor máis elevado ca en Levante, por exemplo.

A conxunción deses valores deixa a Galicia nunha situación complicada, xa que en poucas zonas do continente, segundo o informe, conflúen eses indicadores de forma tan elevada. “Son sempre probabilidades, pero seguro que se notarán temperaturas máis altas, pequenas inundacións”, apunta Fernando Valladares, do Centro de Ciencias Medioambientales do CSIC. “As consecuencias en España –agrega– serán máis graves ca no resto de Europa”. Se se manteñen eses datos, a propia Axencia sostén que haberá “graves consecuencias” para a agricultura do vértice sur europeo, incluíndo entre elas o aumento de incendios forestais pola sequedade.

Galicia podería converterse nunha zona mediterránea a causa do cambio climático.

### Solucións ao cambio climático propostas


Hai varios cambios:

- Reducir o consumo enerxético de combustibles fósiles (petróleo, carbón, etc). Poderíase, por unha banda, dar maior peso a fontes de enerxía renovables, sobre todo para obter electricidade, que é unha enerxía que en si mesma non é contaminante. Isto poderíase facer aumentando as instalacións de aeroxeneradores, (estes poderían situarse nos lugares con condicións apropiadas e que non afecten á produción agrícola e forestal). Aumentar a instalación de placas fotovoltaicas á maior escala posible, aplicando, por exemplo, reducións fiscais a particulares e empresas que instalen ditas placas. Investigar en centrais maremotrices e centrais xeotérmicas para aumentar a súa aplicación e eficiencia.
- Por parte do consumo poderíanse incentivar os medios de transporte tanto privados como públicos que empreguen a electricidade como fonte de enerxía. Para iso habería que vencer o principal inconveniente da electricidade, que é o seu almacenamento. Poderíase conseguir mediante un sistema de baterías recargables normalizadas de igual xeito, na comunidade internacional, en canto a dimensións e tensión que proporcionan estas e colocalas en paralelo. Isto permitiría establecer estacións de servizo onde cambien as baterías, (de xeito parecido ás bombonas de butano). Así os usuarios poderían recargar eles as baterías ou cambialas nas estacións de servizo. Consideramos que con esta medida se reduciría drasticamente a contaminación xerada polos medios de transporte; por unha banda porque os motores eléctricos non contaminan e, por outra, porque o rendemento (relación entre a enerxía útil e a enerxía consumida) dos motores eléctricos, é moito mellor cá dos motores de combustión. Tamén se reduciría a contaminación acústica nas cidades. Así mesmo, os gobernos deberían aplicar maiores desgravacións fiscais a este tipo de vehículos, así como empregalos nos distintos estamentos gobernamentais.
- Gravar con impostos ás lámpadas incandescentes e halóxenas para fomentar as de baixo consumo.
- Obrigar a que todos os sistemas de calefacción novos teñan termostatos e programadores dixitais.
- Realizar campañas publicitarias para concienciar á poboación do problema que orixina a contaminación e orientala en como colaborar.
- Concienciar á poboación da importancia da reciclaxe ecolóxica, e poñer, por parte das administracións, máis medios, como colector específicos de plásticos, cartóns, vidro e baterías. Retornar ao sistema que existía antigamente en épocas dos nosos pais e avós en que os envases de certos líquidos eran de vidro, ao comprar o produto pagábase o envase e, se este era devolto no establecemento, recuperábase o seu valor.
- Que haxa moito maior control sobre os verquidos a ríos e océanos. Así como máis vixilancia ante posibles situacións de incendios, queima de restrollos, maleza excesiva, etc.

## AGORA



## ¿O FUTURO?





## PARTICIPACIÓN EN ROBOTECA 2008/2009

Alumnado de (3º ESO)

O CPI TINO GRANDÍO participou na edición *First Lego League* que é unha competición de montaxe e programación de robots para facer unhas misións predeterminadas. Tamén había que realizar un traballo sobre a contaminación e o cambio climático, e sobre a maquetación, montaxe e programación. Participamos os alumn@s de 3º ESO con dous grupos, PIOLINESAMBIENTALES e ROBOTGIRLS.

### MEMBROS DO GRUPO PIOLINESAMBIENTALES

- María Fernández Vila
- Héctor Lamagrande Pérez
- Nerea López Ares
- Víctor Luaces Lage
- Adrián Pérez Pérez
- Andrea Valín Fontao
- Javier Varela Varela

### MEMBROS DO GRUPO ROBOTGIRLS

- Natalia Ares Díaz
- Nerea Cabanas Barja
- María Castro López
- Lidia Fernández Mosquera
- Laura Núñez López
- María Rodríguez Seijas
- Sheila Rodríguez Varela

### Por que nos decidimos a participar neste proxecto?

- Para divertirnos.
- Para iniciarnos no mundo da robótica.
- Para poder competir con mozas e mozos doutros centros e contemplar as distintas posibilidades e ideas para conseguir o obxectivo de lograr o maior número de puntos posibles co robot.
- Para demostrar que somos capaces de traballar en equipo, e repartir tarefas e roles dentro de cada equipo.

### Como empezamos?

En primeiro lugar decidimos quen formaría parte do grupo, como en 3º da ESO somos catorce compañeiros, para poder participar todos decidimos facer dous equipos de sete; logo, de xeito rápido e espontáneo, decidimos quen pertencía a cada grupo. Unha vez feitos os grupos, revisamos as condicións do Desafío 2008. Por aquel entón no centro escolar non estaba dispoñible a conexión ADSL, polo que nas casas dalgúns compañeiros que si tiñan ADSL, baixamos os vídeos das misións e da montaxe do campo de xogo, así como vídeos de competicións de anos anteriores.

Mentres non nos chegou o material, dedicámonos a preparar o traballo sobre o cambio climático,



preguntándolles a familiares e veciños sobre o tema, e buscando información mediante internet. Ata que chegou o robot e demais compoñentes de Lego. E empezamos cos seguintes pasos.

### Montaxe do campo de xogo

En primeiro lugar estendemos o tapete para saber as súas medidas, logo xuntamos dúas mesas, Pegámolas con cinta adhesiva, tratando de que non houberse saltos na unión das dúas mesas. Adherimos o tapete ás mesas, colocamos o conxunto a nivel, empregando para iso un nivel e calzando algunhas patas con cartón. A continuación movemos o bloque en conxunto entre varios compañeiros e cun compás fixemos que coincidisen os puntos cardinais do tapete cos reais. Para rematar puxemos carteis ao redor da mesa, situada na aula de tecnoloxía, para que os demais alumnos non tocasen por seguridade.

### Montaxe do robot e das pezas das probas

- Abrimos as bolsas e puxemos o seu contido en distintas caixas, para evitar perdelas e mesturalas.
- Utilizando o CD (*building instructions*) fomos montando as distintas partes e ensamblando estas, repartindo as tarefas en subgrupos, estando cada subgrupo encargado de distintas partes, e, dentro de cada subgrupo, repartíronse roles: os que montaban, os que buscaban as pezas e os que as pedían, mirando polo PC.
- En primeiro lugar fixemos unha montaxe estándar do robot tal e como indicaban as instrucións. Esta montaxe modificaríase a posteriori, cando empezamos a programar e a practicar coas distintas misións do robot.

### Empezamos a programar o robot

- O primeiro que fixemos foi facer programas moi sinxelos desde o ladrillo (parte principal do robot onde se atopa o dispositivo de control) para comprobar o correcto funcionamento dos distintos sensores, e os movementos posibles do robot.
- Nesta etapa chegamos á conclusión de que para programar o robot non poderíamos facelo en función de sons, pois o robot ante distintos ruídos de fondo non desexados podería descontrolarse.
- Comprobamos como había que regular os bloques dependentes do reflexo da luz para distinguir as distintas cores, e chegamos á conclusión de que aínda que o sensor emitise a súa propia luz, o resultado podería variar en función do grao de iluminación sobre a mesa, co cal, empregar este sensor para detectar lugares ou facer seguidores de liñas, podería ocasionar riscos á hora da competición.
- Deducimos que o método que se vería menos afectado polas variables externas na competición sería programar o robot en función das distancias que tería que percorrer. Para iso cun calibre medimos o diámetro das rodas, e, calculando a lonxitude da circunferencia das rodas, obtivemos que por cada rotación da roda, o robot desprazaríase da orde de 17,5 cm. Nas probas comprobamos que para que o robot virase da orde de 90 graos mentres unha roda permanecía en repouso, a outra viraría 0,9 voltas, aplicando regras de tres obteríamos os distintos ángulos.
- Para rematar concluímos que teríamos que modificar o aspecto físico do robot, sobre todo o do brazo.



### Programando e comprobando as distintas misións

- Ao principio tivemos que decidir a orde das distintas misións, pois para executar algunhas misións, previamente teriamos que facer outras, para eliminar obstáculos ou impactos non desexados.
- Fomos programando cada misión, facendo as correccións oportunas e modificando o robot.
- A continuación fixemos simulacros de competición, cronometrando tempos.
- E... a xogar!

### A competición

Foi o domingo 23 de novembro ás 8 da mañá. Había 16 equipos de Galicia; ao comezo fíxose unha liguiña para clasificar 8 equipos en oitavos de final. Nesa liguiña *Robotgirls* de Guntín quedaron terceiras e primeiras da provincia de Lugo. *Pielinesambientales* quedaron sextos, polo que Guntín foi o único centro que conseguiu colocar dous equipos en oitavos de final. En cuartos de final *Pielinesambientales* foron eliminados por *Tecnorois* (que ao final serían os campións): *Robotgirls* clasificáronse para semifinais eliminando a *Os Robóticos*. Para o pase á final *Robotgirls* empatou a puntos con *Nexus1*, pero como na liguiña *Nexus1* tivo máis puntos, foi o que pasou á final. Na final gañaría *Tecnorois*.

Cómpre destacar que *Tecnorois* quedaron campións a nivel nacional en Madrid e así clasificáronse para ir a Atlanta, EE.UU.



## O ANO INTERNACIONAL DA ASTRONOMÍA

Lucía, M<sup>a</sup> Jesús, Jesús, Manuel, Adrián e Amparo Veiga. Alumnado de (4<sup>o</sup> ESO)

**O ano 2009 foi declarado pola UNESCO como Ano Internacional da Astronomía, con obxecto de promocionar o interese e curiosidade da poboación en xeral pola observación do Universo. Hai 400 anos que Galileo apuntou o telescopio, construído e perfeccionado por el cara ao espazo. Keppler, Copérnico, Galileo, Newton, Einstein... e tantos outros abriron a porta que nos permite atisbar a complexidade do Universo pero moitos, antes e despois, aportaron o seu esforzo e sabedoría.**

### BREVE HISTORIA DE ASTRONOMÍA

A observación a simple vista, durante un breve período de tempo do ceo, dános unha imaxe irreal do Universo. Os homes primitivos pensaban que as estrelas eran fogueiras que outras tribos facían na noite para quentarse. Durante séculos pensouse que o Sol, os planetas e estrelas xiraban arredor da Terra (xeocentrismo). Imaxinou-se a Terra como unha superficie plana e as eclipses eran consideradas maldicións ou meigallos.

Pero xa **Aristarco de Samos** (310-230 a.C.), sabio grego, adiviñou que os planetas xiraban arredor do Sol, aínda que no seu tempo ninguén lle fixo caso.

No ano 230 a.c **Eratóstenes de Cirene** calcula a medida da circunferencia do noso planeta cunha equivocación de 132 km. A maneira de calculala está considerada como un dos experimentos máis elegantes da física. Sabía que no solsticio de verán na cidade de Asuán, os raios do sol penetraban nos pozos de auga de maneira que se podía ver claramente o fondo. Pola contra, na mesma data, en Alexandría os raios solares incidían cun ángulo de 7º, o cal indicaba que a superficie era curva. Necesitaba saber a distancia entre as dúas cidades e para iso pagou a caravanas de mercadorías para que contaran as voltas que daban as rodas entre os dous lugares, ou pasos entre elas etc... recollendo datos por diferentes métodos... A partir da información obtida, estableceu a distancia requirida e, mediante cálculos matemáticos, chegou á conclusión de que a Terra tiña 39.942 km de perímetro. Na actualidade sábese que ten 40.074 km, é dicir, un 1,5% de erro iadmirable!

No século XV **Nicolás Copérnico** retoma as ideas heliocentristas e propón un sistema no cal o Sol se atopa inmóbil no centro do Universo e os planetas xiran arredor en órbitas perfectas (circulares).

**Tycho Brahe** realiza numerosas observacións, constrúe o seu propio observatorio e instrumentos de medición que serán utilizados por **Johannes Kepler**

(1571-1630), o cal establece que as órbitas son elípticas e o Sol está nun dos focos da elipse. Enuncia as leis do movemento planetario aceptadas na actualidade.

**Galileo Galilei** (1564-1642) foi un dos defensores máis importantes da teoría heliocentrista; construíu un telescopio e foi o primeiro en utilizalo para observar os astros, descubriendo os cráteres da Lúa, as lúas de Xúpiter, as manchas solares, e as fases de Venus. O seu traballo enfrontouno á Igrexa Católica e, tras a publicación dun libro, no que a ridiculiza polo seu empeño no xeocentrismo, é levado a xuízo, obrigado a abxurar das súas crenzas sobre o heliocentrismo e recluído baixo arresto domiciliario. Durante o século XX o Papa Xoán Paulo II pediu desculpas ao mundo por esta inxustiza contra Galileo.

No século XVII pódense destacar: **J.Hevelius** que observa a Lúa e os cometas; **C. Huygens** descobre os aneis de Saturno e Titán; **Giovanni Doménico Cassini** os satélites de Saturno; **Ole Romer** a velocidade da luz.

Newton aplica os seus cálculos matemáticos para explicar a dinámica do Sistema Solar. O perfeccionamento das observacións permitiu ver estruturas como "parches de luz" que son as nebulosas, o descubrimento de Urano e as súas lúas.

No século XVIII inténtase calcular as distancias no Universo. No ano 1838 establécese a distancia á constelación do Cisne en 11 anos luz e a estrela máis próxima, exceptuando o Sol e Alfa Centauro, a 4,3 anos luz.

No século XX **Albert Einstein** expón a Teoría da Relatividade Xeral da que se deduce que o universo non é estático senón que está en continua expansión. Sábese da existencia de millóns de Galaxias nas que existen miles de millóns de estrelas. A mediados de século comeza a carreira espacial entre a antiga URSS e os EE.UU. que tiña como finalidade usos militares. Os rusos lanzan ao espazo o Sputnik (1957). Son tamén eles os

primeiros en poñer no espazo un animal (a cadela Laika) e o primeiro astronauta (Yuri Gagarin). Os americanos foron os primeiros en pisar o noso satélite (Neil Armstrong en 1969). O Telescopio espacial Hubble envía as primeiras imaxes de galaxias e nebulosas.

Na actualidade hai sondas espaciais viaxando cara aos confíns do Sistema Solar. Robots de exploración están enviando información sobre a superficie de Marte. Estase considerando a posibilidade de realizar viaxes tripuladas a Marte. A Estación Espacial Internacional,

situada a uns 500 km de altura está pensada como un centro de investigación espacial. Pedro Duque e Miguel López Alegría son dous prestixiosos astronautas españois.


Como comprenderás, a Astronomía é demasiado complexa para resumila aquí pero ti podes ampliar a información sobre os temas que che interesen consultando libros, enciclopedias ou diversas páxinas de internet.



As estrelas son enormes masas nas que teñen lugar reaccións termonucleares onde o hidróxeno é transformado en helio. En conxunto forman as galaxias. A nosa galaxia é a Vía Láctea e a nosa estrela é o Sol.




En segundo lugar tenemos la fabulosa Nebula M23 (Orion) Nebulosa de la Mariposa por lo apariencia que presenta a los telescopios, situado entre 3000 y 6000 años luz.



En tercer lugar nos aparece la Nebulosa del Esquimal NGC 2392, situada a 5000 años luz.



En noveno lugar, dos galaxias irregulares la NGC 2207 y la IC 2163 situadas a 114 millones de años luz.



M42: Nebulosa de Orión

As nebulosas son nubes de po e gas. Pénsase que son os lugares onde se orixinan as estrelas.



Tierra con Luna Nueva



Júpiter



Saturno



Otras imágenes de Hubble



Estación Espacial Internacional

**RECORDA MIRAR AO CEO DE CANDO EN VEZ E QUE SOMOS UNHA PEQUENA PINGA NUN UNIVERSO INMENSO.**

**Imaxes publicadas en Internet (astronomía%20versi%c3%b) por Luis Martínez**

**Se che gusta o tema podes ler o libro Cosmos de Carl Sagán ou ver os seus videos co mesmo título.**

## DARWIN: UNHA VIAXE DE CINCO ANOS, UNHA TEORÍA UNIVERSAL

Amparo Veiga Vila

De cando en vez aparecen grandes homes e mulleres capaces de analizar o mundo que nos rodea e de dar explicacións a grandes dúbidas do ser humano, aínda en contra da opinión de gran parte da sociedade. No presente ano, 2009, conmemórase o douscentos aniversario do nacemento de Charles Darwin e o 150 da publicación do seu libro *On the origin of the species* (A orixe das especies). Este investigador está considerado por moitos como o pai da bioloxía moderna.

Naceu en 1809 en Inglaterra. Nun principio estudou medicina pero deixou estes estudos para ingresar no Christ's College e facerse clérigo. Dende moi novo foi afeccionado á caza e á recolección de espécimes de animais, vexetais e fósiles, tendo tamén gran curiosidade pola xeoloxía da zona. Pode afirmarse que tiña unha boa formación como naturalista, capacidade de observación e perseveranza, todas elas calidades esenciais nun científico.

En 1831 embarca nun buque de investigación, o Beagle, custeándose el a viaxe que tiña por obxecto cartografiar diferentes territorios do hemisferio sur e realizar estudos de xeoloxía, botánica e zooloxía, que poderían ser útiles cara a establecer colonias inglesas nestes lugares. Explora a pé e a cabalo distintas

zonas de Brasil, Arxentina e Chile, entre elas terreos inhóspitos como a Patagonia, Tierra de Fuego e Illas Galápagos.

A súa viaxe dura cinco anos! e, a medida que observa os exemplares recollidos, que envía a Inglaterra, dáse conta de que estes poden presentar variacións dependendo do lugar de procedencia, o cal fai pensar que as especies non son inmutables, tal e como sostíña a relixión ata aquel momento. O estudo dos fósiles permítelle observar a existencia, por exemplo, de animais como o preguizoso xigante (*Megatherium*) que medía 6 metros e pesaba catro toneladas, hai millóns de anos, e do cal hoxe non existen representantes. Por outra banda, hai especies na actualidade que non aparecen no rexistro fósil.





Toma apuntamentos zoolóxicos e de xeoloxía, escribe o *Diario dun naturalista ao redor do Mundo*, de 770 páxinas. Recolle 5400 espécimes de animais e vexetais así como tartarugas vivas nas Illas Galápagos.

Ao seu regreso a Inglaterra en 1836, dedícase a estudar e ordenar as notas da viaxe e as mostras recollidas, que aínda na actualidade se conservan en Londres. Ao mesmo tempo continúa realizando observacións e ensaios no seu lugar de residencia. Non volveu viaxar e, a consecuencia do seu periplo, padece unha grave enfermidade dixestiva durante o resto da súa vida, pénsase que debido a unha infección pola picadura dun insecto en América do Sur.

Medita moitos anos a idea da evolución das especies e escribe o seu libro pero non se atreve a publicalo ata 1859, en parte inducido pola carta recibida dun mozo naturalista, Alfred Russel Wallace, que chega ás mesmas conclusións ca el a partir das observacións realizadas nunha exploración a Indonesia.

No seu libro, *A orixe das especies (On the Origin of Species by Means of Natural Selection)* expón a evolución de estas por selección natural, é dicir, de todos os individuos nados nun lugar e dunha especie determinada, non todos teñen as mesmas características e é o medio o que favorece a supervivencia duns e a morte doutros. Sobreviven os mellor adaptados ás características do contorno, teñen máis posibilidades de reproducirse e deixar as súas características á descendencia. É o que se entende como a supervivencia dos máis aptos. Co tempo as poboacións acumulan diferenzas tan significativas segundo a zona na que se desenvolven que xa non se pode dicir que pertencen á mesma especie e xa non é posible que se poidan ter entre elas descendencia fértil. Isto lévalle a pensar na existencia de antepasados comúns dos cales derivan as especies actuais.

En 1871 publica *Descent of Man (A ascendencia do home)*, na que argumenta que os homes e os simios descendem dun antergo común. Este argumento foi recibido con desdén e Darwin foi caricaturizado como se fose un mono.



Caricatura de Darwin

Na actualidade as súas ideas vense corroboradas polos descubrimentos en xenética e ninguén dubida da súa intelixencia a valentía.

Morre en 1882 e está soterrado na Abadía de Westminster en Londres, xunto con grandes científicos como Isaac Newton e Michael Faraday.



## EXPERIMENTOS NA AULA DE 4º ESO

Lucía Basadre, Jesús Corredoira, Manuel Fernández, M<sup>a</sup> Jesús López e Adrián Sear de (4º ESO)

Moitas veces vemos na televisión programas nos que se realizan experimentos con resultados espectaculares que son sinxelos de realizar e teñen un fundamento físico ou químico moi fácil de comprender. Nós decidimos probar algúns deses xogos e contarvos o motivo polo que ocorren.



### 1. A lámpada de lava ou o efecto da densidade no comportamento dos líquidos.

**Necesitamos:** Auga, tinta chinesa, aceite, unha pastilla efervescente.

**Realización:** poñemos nun vaso auga e tinguímosla cun pouco de tinta chinesa. Sobre esta mestura, e con coidado, engadimos outro tanto de aceite.

O primeiro que observamos é que o aceite non se mestura co resto dos compoñentes xa que é moito menos denso ca eles e mantense na parte superficial do vaso.

A continuación introducimos no vaso unha pastilla efervescente calquera, mesmo unha aspirina. O resultado é espectacular xa que comezan a formarse grandes burbullas azuis que soben rapidamente cara á superficie atravesando a capa de auga e a de aceite e recordándonos as lámpadas de lava que se usan na decoración e están baseadas na diminución de densidade dunha cera ao quentarse.

**Explicación:** As burbullas de CO<sub>2</sub> diminúen a densidade da mestura de auga e tinta e isto fai posible que ascendan a través da capa de aceite.



Observa as burbullas formadas



### 2. Como mesturar leite e tinta chinesa: comprobamos a solubilidade de substancias en auga ou en graxa.

**Necesitamos:** leite, tinta chinesa, deterxente en xel.

**Realización:** en primeiro lugar botamos un pouco de leite nun prato fondo ou calquera outro recipiente de base ancha e engadimos unhas pingas de tinta nunha beira e podemos observar como non se mestura facilmente co leite, Isto débese a que o leite é unha substancia de natureza graxa que non dissolve

con facilidade substancias solubles en auga. A continuación poñemos noutra beira do recipiente un pouco de deterxente e esperamos uns segundos, podendo observar como, a medida que o deterxente emulsiona a graxa do leite, a tinta mestúrase e distribúese por toda a superficie do líquido ao tempo que forma curiosas figuras e remuíños.

**Explicación:** O deterxente rompe as moléculas de graxa obtendo fragmentos moi pequenos, de xeito semellante ao que fai a bile no duodeno cando se realiza a dixestión das graxas. Isto facilita a mestura da tinta coa auga do leite.



*Estes experimentos podes realizalos na túa casa con toda tranquilidade.*



*Festival de Nadal*



*Festival de Nadal*



*Día do libro*



*Día do libro*



*Visita a El Progreso*



*Excursión de Primaria á Coruña*



*Excursión club de lectura*



**CPI Tino Grandío  
Promoción 2009 - ESO**

				
Lucía Basadre Penas	Jesús Corredoira López	Manuel Fernández Muñiz	Mª Jesús López López	Adrián Sear Jul

		
Teresa Gª Crecente	Ana Arias Castro	Maite Asorey Daviña

												
Hortensia Barcia M.	Jaime Bordonaba	Silvia Carbalido	Aurelia Diez Huerga	Pascuala Dorado	Louisa Dubickas	María A. Fernández	Rosario Fernández	María Guerreiro	Dada Konopkova	Francisco López	Beatriz Pademe	Doris Peiró Sanchis

												
Mª José Peña Díaz	Mª Pilar Quiroga	Clara Rey López	Isabel Rodríguez	Marta Rodríguez	Pablo Rodríguez	Celia Seijas Quiñoá	Esperanza Rivera	Daniel B. Spenceley	J. Alfonso Suárez	Manuel Ulloa Glez.	Socorro Vázquez	Amparo Veiga Vila



Revista Subvencionada:



Concello Guntín



XUNTA DE GALICIA  
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral de Política Lingüística